

# **PLAN ANUAL DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**


**CURSO 2024 - 2025**

**I.E.S. RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA**

## ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>INTRODUCCIÓN, ORIENTACIÓN E COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	<b>4</b>
<b>2.</b>	<b>ANALISE E VALORACIÓN</b>	<b>12</b>
<b>3.</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>	<b>16</b>
	3.1. Detección de necesidades	16
	3.2. Marco teórico-práctico	17
	3.4. Organización do Departamento de Orientación	17
<b>4.</b>	<b>OBXECTIVOS DO PLAN</b>	<b>18</b>
<b>5.</b>	<b>LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN</b>	<b>19</b>
<b>6.</b>	<b>ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN</b>	<b>20</b>
	<b>6.1. Atención á diversidade</b>	<b>21</b>
	Detección temperá de dificultades de aprendizaxe	28
	Programa de atención á diversidade	29
	Cronograma atención á diversidade	31
	Propostas de mellora	32
	Programa de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe	33
	Actividades e planificación	36
	Cronograma	38
	Programa de incorporación de alumnado inmigrante	39
	Programa de Habilidades Sociais	40
	<b>6.2. Acción titorial</b>	<b>47</b>
	Plan de acción titorial	51
	Planificación acción titorial	52
	Recursos web	64
	Programa de convivencia e educación en valores	71
	Programa de Educación Emocional	72
	<b>6.3. Orientación académico-profesional</b>	<b>82</b>
	Programa de madurez vocacional e orientación profesional	86
	Programa de inserción ao mundo laboral	88

Recursos	89
Cronograma	90
<b>7. CONTRIBUCIÓNS DA PROGRAMACIÓN</b>	<b>90</b>
Ao Proxecto Lector	90
Ao Plan TIC	91
Ao Proxecto Lingüístico do centro	93
Ao Plan de Convivencia	94
Ao Programa DEA	94
Ao Programa de Reforzo	97
<b>8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>102</b>
<b>9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN</b>	<b>103</b>
<b>10. RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>103</b>
<b>11. AVALIACIÓN DO PLAN</b>	<b>104</b>
<b>12. BIBLIOGRAFÍA</b>	<b>105</b>
<b>ANEXOS</b>	<b>108</b>
<b>ACTIVIDADES PAT</b>	<b>108</b>
<b>PLAN DE APOIO AULA DE PT</b>	<b>124</b>



## 1. INTRODUCCIÓN. ORIENTACIÓN E COMPETENCIAS BÁSICAS

A **ORIENTACIÓN EDUCATIVA** é unha actividade complementaria á docente que se ocupa de aspectos que inciden directamente no desenvolvemento educativo e persoal do alumnado. O Consello da UE (21/11/2008) explicita que todos os cidadáns deben ter acceso aos servizos de orientación, independentemente de onde residan: por tanto é un dereito tanto da comunidade educativa coma da sociedade no seu conxunto, e a LOMLOE (2020) no preámbulo indica que *“introducindo no ensino secundario a **orientación educativa e profesional** do alumnado cunha perspectiva inclusiva e non sexista, propoñendo un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación mediante unha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización das aprendizaxes..”*.

RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.

En Galicia, DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Artigo 20. Titoría e orientación 1. No bacharelato, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, así como a preparación do seu futuro itinerario formativo, constitúen un elemento fundamental.
- Artigo 20. Titoría e orientación 1. Na educación secundaria obrigatoria, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúen un elemento fundamental.

Actualmente, e de forma xeral, a dimensión do profesional da orientación concrétese nestas áreas:

1) A **acción titorial** e desenvolvemento persoal do alumnado: con actuacións en educación para a saúde, afectivo-sexual, prevención de adicións e drogodependencias, educación en valores, emocional, prevención de racismo e xenofobia, educación para a paz e non

violencia, para a convivencia e prevención de conflitos, prevención de acoso e ciberbullying, educación vial,...

2) A **orientación vocacional, académica e profesional** do alumnado: axudar as persoas de todas as idades, informando, asesorando e facilitando as decisións vocacionais, como cara o emprego, autoemprego, adquisición de competencias profesionais, reciclaxe... algún destes aspectos non só abranguen o nivel local ou nacional senon que tamén pode acadar dimensión internacional (Europass, bolsas de formación no estranxeiro, Erasmus+, bolsas Deputación Pontevedra...)

3) A **atención á diversidade** do alumnado: deseño e desenvolvemento da resposta educativa máis acorde ás necesidades do alumnado, en coordinación cos departamentos didácticos, equipos docentes. Isto inclúe a avaliación psicopedagóxica de casos como altas capacidades, dislexia, TDAH, dificultades de aprendizaxe (discalculia, disortografías...) e tamén ten competencia na discapacidade, procurando unha escola inclusiva, dando asesoramento específico a este alumnado e a súa familia sobre a mellor resposta educativa (o que inclúe xestión de becas, axudas específicas, contacto con asociacións e organismos...).

Atendendo ao preámbulo da LOMLOE (2020), a educación supón (entre outros aspectos) facilitar o desenvolvemento persoal, a integración social, garantindo igualdade de oportunidades e procurando o máximo desenvolvemento das potencialidades da persoa. Na mesma liña debemos ter en conta a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

Moitos investigadores definen competencia coma "*o bo desempeño en contextos diversos e auténticos baseado na integración e activación de coñecementos, normas, técnicas, procedementos, habilidades e destrezas, actitudes e valores*".

O concepto de **COMPETENCIA BÁSICA** pon o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde unha formulación integradora e orientado á aplicación dos saberes adquiridos. As competencias básicas son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ao finalizar o ensino obrigatorio para lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. Estas competencias básicas pretenden ser comúns en todos os países da Unión Europea e son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Dende o Dpto. de Orientación do IES Ramón María Aller Ulloa e en relación coas competencias básicas na aula é importante o traballo de asesoramento a profesores/as e titores/as, que se pode realizar dende o punto de vista metodolóxico incidindo en:

- Aula virtual
- Blog departamento
- Alumnado titor
- O contrato de traballo
- O portafolios
- O estudo de casos
- A aprendizaxe cooperativa
- Métodos globalizadores: proxectos, investigación no medio

O Departamento de Orientación dentro do marco legislativo actual e segundo a circular 10/2010 entende a Orientación como algo inherente á propia educación e trata de contribuir á formación integral do alumnado, ó asesoramento do profesorado na práctica educativa, e a implicación e asesoramento dos pais e do resto da comunidade educativa. A orientación e a acción titorial convértense nun dos factores determinantes da calidade e mellora da Ensinanza.

A orientación entendémola coma un proceso contínuo e sistemático que comeza coa escolarización do alumnado (na educación infantil e/ou Primaria) e finaliza ó termo das ensinanzas non universitarias. Un contínuo que inclúe a toda a poboación escolar á marxe do tipo e grao de diversidade que presente.

Os principios sobre os que se fundamenta o concepto de funcións da orientación, coherentes co de Comprensividade e Diversidade, fan referencia a unha tarefa que deberá

ser: preventiva, de desenvolvemento de capacidades, habilidades e actitudes do alumnado, e de intervención social (comunidade educativa).

Os modelos de intervención, baixo o noso punto de vista, non se limitan a un modelo único, se non, que máis ven se trata de adecua-lo modelo ás necesidades que vaian xurdindo na acción orientadora e ós destinatarios: alumno e/ou alumnos; profesor e/ou profesores; e a comunidade escolar. De feito, pensamos, que a orientación debe dirixirse cara a utilización do modelo de programas, que permiten respostar os principios de prevención, intervención social, e desenvolvemento, eixo da intervención do Departamento de Orientación. Este modelo, proposto pola Reforma, supera as intervencións puntuais e parte dunha análise de necesidades que se concretan en programas a desenvolver polos profesores/as – titores/as e resto de profesores/as que desexen implicarse e asesorados ou informados (colaboración activa) do Departamento de Orientación do IES.

Nesta liña lévanse a cabo os Proxectos de Orientación do IES “Ramón María Aller Ulloa” (*plano de acción titorial, plano de orientación académico e profesional, e o plano de apoio ó proceso de aprendizaxe-ensinanza*) así coma os programas incluídos nos anteriores.

Sen embargo, existen outros modelos válidos denominados de intervención directa e individualizada como é o asesoramento (entendido como enfoque non directivo). Os alumnos/as que acoden voluntariamente ó Departamento de Orientación do IES, buscando unha axuda ou asesoramento directa (vocacional, de técnicas de estudio determinadas, etc.), reciben a miña intervención de maneira flexible, buscando a participación (información, asesoramento, suxerencias, interpretacións, etc.) procurando que sexa o alumno/a o protagonista das súas decisións.

No campo educativo e orientativo do Departamento de Orientación, tamén existen dous modelos que dalgún xeito complementan a actuación dos anteriores: un modelo de consulta, entre o profesional consultor e outra persoa-as (alumno-os/a-as, profesor-es/a-as, ou pais e nais), e utilízoo no caso de que veñan facerme unha consulta en función dalgún plano ou programa que está posto en marcha, vai a ser unha intervención comunicativa, colaborativa, e implementadora. Por último, sinalar tamén un modelo tecnolóxico (novas tecnoloxías).

Deste feito o Plan de Orientación de Centro busca promover, na medida das súas posibilidades, as sete competencias clave (comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e

tecnoloxía, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, competencias sociais e cívicas e conciencia e expresións culturais) a través dos 3 plans que o integran.

Esta programación parte dos principios de planificación, prevención, sistematicidade, curricularidade, cooperación, desenvolvemento persoal e intervención social. A actuación desenvolverase por programas, previa análise e detección de necesidades, priorizando actuacións e intervencións que atendan á totalidade dos membros da comunidade educativa.

A orientación educativa e profesional dos estudantes é considerada na Lei Orgánica 2/2006 de Educación coma un dos principios da educación, entendida coma un medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

### **Fundamentación Legal.**

Máis detalladamente, na **LOE** fanse as seguintes referencias á acción orientadora:

**TÍTULO PRELIMINAR: PRINCIPIOS E FINES.-** *A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación especializada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (art. 1.f).*

**TÍTULO I-CAPÍTULO III (ESO).-** *Na ESO prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado (art. 22.3)*

*Corresponde ás administracións educativas promover as medidas necesarias para que a titoría persoal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional, constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa (art. 26.4)*

**TÍTULO III-PROFESORADO.-** *Son funcións do profesorado: A titoría de alumnos, a dirección e orientación da súa aprendizaxe en colaboración coa familia (art.91.c) e a orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados (art. 91.d)*

*Os programas de formación permanente deberán contemplar...todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellora-la calidade da ensinanza e o funcionamento dos centros. (102.2).*

Con respecto á **LOMLOE** (2020) indícase o seguinte:

#### Artigo 1

2. Os poderes públicos prestarán atención prioritaria ao conxunto de factores que favorezan a calidade da ensinanza e, en particular, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, humanos e materiais, as condicións



ambientais e de saúde dos a escola e o seu contorno, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso das bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección e avaliación educativa.

#### Art 22. Principios xerais

3. Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Neste ámbito incorporárase a perspectiva de xénero. Así mesmo, teranse en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade.

#### Art 26. Principios pedagóxicos

4. Corresponde ás Administracións educativas promover as medidas necesarias para que a titoría persoal do alumnado e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa.

#### Art 30. Ciclos formativos de grao básico

3. Os criterios pedagóxicos cos que se desenvolverán os programas formativos destes ciclos adaptaranse ás características específicas do alumnado, adoptando unha organización do currículo desde unha perspectiva aplicada, e favorecerán o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais, o traballo en equipo. e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, terán especial consideración a titoría e a orientación educativa e profesional, realizando un acompañamento socioeducativo personalizado. As Administracións educativas promoverán a cooperación e participación dos axentes sociais do medio ambiente, outras institucións e entidades, especialmente as Corporacións locais, os colexios profesionais, as organizacións non gobernamentais e outras entidades empresariais e sindicais, para o desenvolvemento destes programas.

#### Artigo 35. Principios pedagóxicos

1. As actividades educativas do bacharelato favorecerán a capacidade do alumno para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación axeitados. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado, incorporando a perspectiva de xénero.

#### Art 157. Recursos educativos e de apoio ao profesorado

h) A existencia de servizos ou profesionais especializados en orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.

3. O artigo 6 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, queda redactado como segue:

3. Recoñécese ao alumnado os seguintes dereitos básicos:

d) Recibir orientación educativa e profesional.

En definitiva, a atención á diversidade establécese coma un principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico proporcionando a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades, adoptando as medidas organizativas e curriculares pertinentes, poñendo énfase na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten as dificultades, potenciando a autonomía dos centros para adoptar as medidas organizativas e curriculares que permitan unha organización flexible adaptada ás Medidas de Atención á Diversidade (MAD) e ás características do alumnado, cos desdobramentos que sexan precisos, atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos para aprender por si mesmos, promovendo as medidas necesarias para que a titoría persoal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúan un elemento fundamental ao servizo da aprendizaxe dos alumnos, recollendo no Proxecto Educativo de Centro (PEC) as características do entorno social e cultural, as formas de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así coma o plan de convivencia, desde os principios de non discriminación e de inclusión educativa, establecendo programas de reforzo e apoio educativo, de diversificación curricular ou de cualificación profesional inicial, segundo corresponda a cada caso.

A acción orientadora ten moito que ver nestes aspectos, e participará na identificación temperá de necesidades educativas específicas, na revisión e modificación se é o caso das medidas de apoio que está a recibir o alumnado; na proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no referido aos apoios; no asesoramento aos departamentos didácticos para contemplar a resposta á diversidade nas programacións e establecemento de canles de coordinación entre os orientadores de primaria e secundaria, para facilitar o tránsito do alumnado entre as etapas educativas.

A regulamentación do funcionamento dos Departamentos de Orientación (DO) en Galicia ven recollida nas seguintes disposicións lexislativas:

- **Decreto 120/1998** do 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional.
- **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.
- **DECRETO 156/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **DECRETO 157/2022**, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Real Decreto 659/2023**, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- **Real decreto 278/2023**, de 11 de abril, polo que se establece o calendario de implantación do Sistema de Formación Profesional establecido pola Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional
- **Real decreto 498/2024**, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao básico e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.
- **Real decreto 499/2024**, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao medio e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.
- **Real decreto 500/2024**, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao superior e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.
- **Real decreto 497/2024**, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen, no ámbito da Formación Profesional, cursos de especialización de grao medio e superior e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.
- **Decreto 126/2023**, do 20 de xullo, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 107/2014**, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- **Orde do 13 de xullo de 2015** pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- **Orde do 12 de xullo de 2011** pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- **Circular 9/1999** de 1 de setembro, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na ESO.
- **Circular 18/2007** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- **Circular 8/2009** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de E.S.O.
- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia, na cal se fai referencia a actuacións relacionadas co inclusión e a diversidade, coa acción titorial, coa convivencia e coa educación en valores, co plan de orientación, cos procesos de avaliación e calidade, co drdoriente, coa aprendizaxe permanente e saídas profesionais, coa coordinación dos departamentos de orientación, e coa atención á diversidade e a circular 8/2009.

Na elaboración deste plan anual de intervención tivéronse en conta, ademais das necesidades do IES, identificadas a través da análise do Proxecto Educativo de Centro (PEC), do Proxecto Curricular de Centro (PCC) e do Plan Xeral Anual (PXA), as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e as aportacións e necesidades expresadas pola comunidade a través das diferentes reunións mantidas, logo da sesión de avaliación extraordinaria de setembro dos/as alumnos/as. Ademais contempláronse as

funcións e accións prioritarias asignadas ao DO e aos titores nas disposicións legais vixentes anteriormente referidas.

## 2. ANALISE E VALORACIÓN.

A partir das necesidades detectadas no alumnado e na comunidade educativa en xeral, e tendo en conta a todos os membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias), propoñemos coma obxectivos dada esta situación excepcional:

- Previr calquera situación emocional e/ou educativa na comunidade educativa.
- Fomentar a relación e o traballo telemático entre orientación e a comunidade educativa.
- Crear todo tipo de recurso para fomentar esa relación anterior: blog de Orientación, Aula Virtual, Videoconferencia, correo electrónico ...
- Aplicación de medidas de atención á diversidade axustadas ás necesidades particulares do alumnado. Tendo presente as medidas ordinarias e extraordinarias que ten autorizado o alumnado e seguemento das mesmas (plan de seguemento), envío a Inspección, coordinación xefatura de estudos e titores/as, os protocolos e as súas aplicación e asesoramentos a titores/as. Ter un seguemento moi individualizado das medidas extraordinarias (PDC, ACS, FP Básica).
- Contribuír á personalización da educación.
- Asegurar a continuidade educativa en materias, cursos, etapas. Asesoramento familiar e individual mediante recursos telemáticos.
- Contribuír a unha axeitada relación e interacción entre os distintos sectores da comunidade educativa. Continuidade con Servizos Sociais do Concello de Lalín e outros (Cruz Vermella, Asociacións, ...).
- Favorecer o desenvolvemento persoal: a madureza persoal, a propia identidade, os propios valores e a progresiva toma de decisións. Atención individualizada e contacto coas familias vía teléfono ou correo electrónico.
- Orientación profesional e vocacional ao alumnado e as familias. Envío de correos electrónicos a comunidade educativa do IES, dende orientación.

### **Liñas prioritarias de actuación**

- Actuacións que teñan como obxecto a atención á diversidade nunha hipotética semipresencialidade ou ensino a distancia: identificación de necesidades educativas específicas; revisión e modificación se é o caso das medidas de apoio que está a recibir

o alumnado; proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no referido aos apoios; asesoramento aos departamentos didácticos para contemplar a resposta á diversidade nas programacións e establecemento de canles de coordinación entre familias, tutores/as e orientación.

- Actuacións de desenvolvemento acción tutorial ou similar: Fundamentalmente de tipo emocional, con actividades e recursos que así se soliciten.
- Actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro: dinamización das canles de comunicación entre familias e escola, nesta época de pandemia e con orientación como interlocutor.
- Actuacións relacionadas co fomento Laboral Información ao profesorado de FP (Básica e Ciclos).
- Actuacións en relación á etapa de transición da formación ao mundo laboral ou viceversa: atención preferente ao alumnado que finaliza formación profesional básica, un ciclo medio ou superior, alumnado con NEE asociadas a discapacidade ou privación sociocultural e colaboración no seguimento da inserción laboral do alumnado. Teñen pendente a FCT e precisan de asesoramento.
- Actuacións que teñen por obxecto asesorar, informar e difundir entre o alumnado as ensinanzas de réxime especial: acceso, características, titulacións, oferta educativa.
- Actuacións que teñen por obxecto asesorar, informar e difundir entre o alumnado as ensinanzas Universitarias e de FP: acceso, características, titulacións, oferta educativa.

### **Metodoloxía**

Para levar a cabo a coordinación e o seguimento das medidas de reforzo educativo estableceranse reunións telemáticas coas mestras de PT e de AL e dinamizaremos a coordinación entre o departamento e o profesorado de aula e xefatura de estudos.

- Atención individualizada e familiar
- Asesoramento individualizado
- Coordinación familia e centro educativo
- Coordinación orientación e xefatura de estudos

### **Recursos**

- PERSOAIS: profesorado de PT. Envío de material ás familias e asesoramento.
- MATERIAIS: protocolos e materiais elaborados no DO e bibliografía.
- ORGANIZATIVOS: Seguimento do plan de atención á diversidade moi individualizado e en coordinación cos tutores/as e xefatura de estudos.

## Avaliación

A avaliación deste ámbito será continua e levarase a cabo durante un hipotético ensino semipresencial ou a distancia, a través de diferentes reunións telefónicas e/ou telemáticas dos órganos de coordinación docente.

O criterio a ter en conta será a adecuación das medidas para responder ás necesidades dos alumnos. Para este fin analizarase o funcionamento do **Plan de Atención á Diversidade**, valorando o progreso dos alumnos, a adecuación dos criterios para a selección do alumnado a estas medidas, xunto cos proxectos de centro e o desenvolvemento da titoría

## REUNIÓN

Ao longo do presente curso, levaranse a cabo todas as **reunións ordinarias e trimestrais**, entre os membros do Departamento de Orientación deste mesmo centro e tamén as trimestrais cos centros adscritos. Mantieríanse reunións informais e contactos cos orientadores/as que levan a atención nos centros de infantil e primaria dende os que proveñen os alumnos do noso centro. Especificamente, manteranse reunións coa orientadora do CEIP Xesús Golmar e coa orientadora do CEIP Varela Buxán, sobre o noso alumnado de 1<sup>o</sup> de ESO que proceden dese centro.

Tamén se realizarían intercambios de información cos orientadores de IES próximos, relativos a alumnado que se trasladaba dun centro a outro.

## Organización da atención educativa a alumnado con necesidades educativas especiais

	Puntual/Diario	Semanal	Quincenal	Mensual
Seguemento alumnado con NEE	X		X	
Seguemento alumnado ACIs			X	
Coordinación profesorado de 1 <sup>o</sup> e 2 <sup>o</sup> ESO	X	X		
Coordinación con titores/as	X	X		
Coordinación xefatura de estudos	X	X		
Coordinación familias	X		X	X
Alumnado con déficits sensoriais	X			X

Alumnado con protocolos	X		X	
-------------------------	---	--	---	--

**Organización da atención educativa a alumnado con necesidade específica de apoio educativo**

	Puntual/Diario	Semanal	Quincenal	Mensual
Seguemento alumnado con NEAE	X	X		
Coordinación profesores/as PT e AL	X	X	X	
Seguemento protocolos de Dislexia			X	X
Coordinación con titores/as		X		
Coordinación xefatura de estudos	X	X		
Coordinación familias	X		X	X
Seguemento alumnado de PDC	X		X	
Coordinación plan PROA+			X	
Coordinación FP Básica	X		X	

**Medidas empregadas**

Coordinación **profesorado, xefatura de estudos e orientación.**  
 Coordinación **profesorado e familias.**

	Correo electrónico	Teléfono	Blog de Orientación/ Aula virtual	Material adaptado
Titores/as e/ou xefatura de estudos	X	X		
Profesores/as	X	X		X
Profesora de PT	X	X		X
Alumnos/as (ESO, BAC, FP)	X	X	X	
Familias	X	X	X	

<b>Servicios sociocomunitarios</b>	<b>X</b>	<b>X</b>		
------------------------------------	----------	----------	--	--

### 3. XUSTIFICACIÓN

#### 3.1. DETECCIÓN DE NECESIDADES

As necesidades máis salientables son as seguintes:

- Deficiencias nos hábitos de estudo, técnicas de traballo intelectual, convivencia e educación en valores, priorizando a resolución de conflitos e as relacións interpersoais (igualdade de xénero), sobre todo co alumnado de 1º e 2º de ESO; así como co alumnado do PDC e FPBásica., en temas como a aprendizaxe de técnicas de estudo, a autoestima e as opcións académicas e profesionais.
- Respecto á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas daqueles alumnos/as indicados polos/as titores/as e análise da posibilidade de elaborar ACI, e a organización de reforzos educativos.
- Apoiar ao proceso de ensino-aprendizaxe previndo e intervindo nas dificultades; optimizar o estudo daqueles alumnos/as que mostran un bo rendemento académico; coidar a acción titorial e a orientación académica e profesional principalmente nos últimos cursos da E.S.O. e na F.P.B.
- Fomentar a implicación dos Servizos Sociais no intercambio de información e na toma de decisións sobre o alumnado do centro co que están intervindo.

#### 3.2. MARCO TEÓRICO-PRÁCTICO

Tendo en conta o establecido na lexislación vixente ao respecto, xa citada, a orientación enténdese coma un proceso que actúa a través de tres niveis: a Titoría, o DO e os Equipos de Orientación Específica (EOE). No desenvolvemento do proceso orientador respetaremos tres principios fundamentais:

- Prevención.
- Desenvolvemento.
- Intervención social.

Dada a variedade de funcións que se lle confiren aos DO é necesario seguir un modelo de intervención por programas.



### 3.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES Ramón María Aller Ulloa é un centro de titularidade pública, situado na vila de Lalín (Pontevedra), enmarcado na comarca de Deza. É un concello cunha poboación entono aos 20.000 habitantes con empresas vinculadas ao sector primario e terciario. O alumnado é preferentemente urbano aínda que tamén escolariza alumnao do rural. Durante os últimos anos existiu un aumento de poboación inmigrante procedente de Sudamérica e de África do norte. Os recursos persoais e materiais do centro, así como o entorno social, non variaron significativamente con respecto aos últimos cursos. O número de profesores mantívose respecto do curso anterior e para a atención de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo seguimos a contar cunha especialista de pedagogía terapéutica así como cun coidador para a atención e axudas na mobilidade de dous alumnos con dificultades motrices.

No IES Ramón María Aller Ulloa impártense ensinanzas de ESO, Bacharelato e Formación Profesional. No curso actual, o centro conta con aproximadamente cincocentos alumnos, distribuídos nos diversos grupos de secundaria, bacharelato e ciclo formativo de grao medio e superior. Hai un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento para alumndo de 3ºESO; en 4ºESO hai alumnado das opción de ensinanzas académicas e de ensinanzas aplicadas; e tamén contamos con grupos de 1º e 2º curso de Formación Profesional Básica da especialidade de Informática de oficina.

Contamos con tres grupos en 1º, 2º, 3º e 4º de secundaria, e en 1º e 2º de bacharelato. Nos grupos de 1º e 2º ESO, tal como se ven facendo nos últimos anos, implementaranse desdobres nas materias de matemáticas, lingua castelá, lingua galega, inglés e francés. Tamén 2 grupos en FP Básica, e nos ciclos Medios e Superiores.

### 3.4 ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No artigo 3 do Decreto 120/1998 establécese a composición dos Departamentos de Orientación, e no artigo 6 asígnaselles as funcións que deben ser asumidas colexiadamente con carácter xeral por todos os membros. O exercicio destas variadas funcións fai necesario que este departamento conte con profesionais diferentes, dependendo das ensinanzas que se ofertan e das necesidades educativas específicas do alumnado. As responsabilidades específicas dos profesores que compoñen o departamento de orientación relacionadas coa orientación educativa e a atención á diversidade aparecen recollidas no artigo 7.

#### **Composición:**

O Departamento de Orientación está composto, tal e como está establecido no artigo 3 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polos seguintes membros:

- Unha **profesora de Pedagogía Terapéutica**
  - Carmen Valdés Abeledo
- Un **profesor de FOL**, con docencia directa na FP Básica, CFGM e CFGS.
  - Dominguez Cuquejo, Manuel
- Un **profesor do ámbito socio-lingüístico**.
  - Servando Lois Silva
- Un **profesor do ámbito científico-tecnolóxico**.
  - Javier Cudeiro Touriño
- Un **profesor da especialidade de Orientación Educativa**, xefe do Departamento.
  - Luís Fernando Pérez Méndez

### **Reunións:**

As reunións ordinarias do D.O. levaráanse a cabo, segundo a normativa actual, nunha sesión quincenal/mensual. Serán os mércores **de 14.30 horas a 15.30**.

Haberá tamén reunións trimestrais cos centros adscritos de Educación Infantil e Primaria.

## **4. OBXECTIVOS DO PLAN**

A partir das necesidades detectadas no centro e tendo en conta a todos os membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias), propoñemos coma obxectivos para este curso os seguintes:

- a) Previr as dificultades de aprendizaxe.
- b) Previr situacións emocionais.
- c) Aplicación de medidas de atención á diversidade axustadas ás necesidades particulares do alumnado.
- d) Contribuír á personalización da educación.
- e) Favorecer o desenvolvemento cognitivo do alumnado: significatividade e funcionalidade das aprendizaxes.
- f) Asegurar a continuidade educativa en materias, cursos, etapas.
- g) Contribuír a unha axeitada relación e interacción entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- h) Favorecer o desenvolvemento persoal: a madureza persoal, a propia identidade, os propios valores e a progresiva toma de decisións.
- i) Favorecer a aprendizaxe de valores que contribúan a creación dun clima de respecto mutuo entre as persoas e as culturas (favorecer o desenvolvemento social)
- j) Contribuír a toda clase de factores de innovación e de calidade que redunden nunha mellor educación.

## 5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A acción orientadora ten un carácter continuo e global e abrangue a formación académica, o desenvolvemento psicosocial e a madurez vocacional dos alumnos, e implica a toda a comunidade educativa. É necesario ter en conta as directrices que a Consellería de Educación explicita cada ano a través de circulares anuais, de carácter continuo non derogable, sen prexuízo do establecido no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de Xullo que o desenvolve. Tendo en conta a Circular 18/2007 e a Circular 8/2009, establécense as seguintes accións prioritarias:

- Actuacións que teñan como obxecto a atención á diversidade presente no centro: identificación temperá de necesidades educativas específicas; revisión e modificación se é o caso das medidas de apoio que está a recibir o alumnado; proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no referido aos apoios; asesoramento aos departamentos didácticos para contemplar a resposta á diversidade nas programacións e establecemento de canles de coordinación entre os orientadores de primaria e secundaria, para facilitar o tránsito do alumnado entre as etapas educativas.
- Actuacións de desenvolvemento do PAT: colaboración co profesorado titor na análise de necesidades neste eido; asesoramento en aspectos organizativos e de xestión da acción tutorial e incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.
- Actuacións de promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural: colaboración na diagnose sobre o estado da convivencia no centro e proposta de medidas que redunden na mellora da mesma; asesoramento na elaboración e avaliación de plans de mellora da convivencia; participación na revisión do PEC (atención aos principios de educación democrática e igualitaria, solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible); colaboración na revisión e actualización dos RRI e elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.
- Actuacións referidas á formación permanente, á investigación, á experimentación e á innovación: colaboración na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamización da participación dos equipos docentes en proxectos e programas de innovación.

- Actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro: dinamización das canles de comunicación entre familias e escola.
- Actuacións relacionadas co fomento da cultura emprendedora e o autoemprego: a través de accións nas diferentes áreas, módulos e materias do currículo cun tratamento transversal e a través da participación dos centros educativos en campañas de sensibilización, concursos de ideas, proxectos empresariais e talleres de formación para o fomento do autoemprego.
- Actuacións en relación á etapa de transición da formación ao mundo laboral ou viceversa: atención preferente ao alumnado que finaliza formación profesional básica, un ciclo medio ou superior, alumnado con NEE asociadas a discapacidade ou privación sociocultural e colaboración no seguimento da inserción laboral do alumnado.
- Actuacións que teñen por obxecto asesorar, informar e difundir entre o alumnado as ensinanzas de réxime especial: acceso, características, titulacións, oferta educativa.

## 6. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

O desenvolvemento das actividades para o logro dos obxectivos propostos, realizarase a partir de tres vías de actuación diferenciadas, pero ao mesmo tempo moi relacionadas entre si:

- **Atención á diversidade**
- **Acción tutorial**
- **Orientación académico-profesional.**

En cada un destes ámbitos, en función das necesidades detectadas, e seguindo un modelo de programas, marcaranse uns obxectivos específicos, actividades, recursos, temporalización e avaliación, tendo en conta que os tres ámbitos perseguen un obxectivo común, como é o desenvolvemento integral do alumnado. O funcionamento do programado para un ámbito probablemente influirá na marcha do programado noutro, e haberá necesidades e intervencións compartidas polos tres ámbitos.

### 6.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Unha escola comprensiva, compensadora e inclusiva fai necesaria complementar a acción educativa co principio de atención á diversidade. As diferenzas entre as persoas deben considerarse coma unha posibilidade de enriquecemento á que o sistema educativo debe dar a resposta máis axeitada, resposta que será diversa e flexible, capaz de adaptarse ás

necesidades do grupo e de cada alumno individual, favorecendo o seu desenvolvemento académico, social e persoal.

A finalidade da atención á diversidade será dar unha resposta educativa axustada ás características de todos os alumnos, especialmente a aqueles que en maior ou menor grao presentan necesidades educativas de carácter transitorio ou permanente. Esta resposta debe darse desde todos os niveis no sistema educativo, desde o PEC e o PCC ata as programacións de aula e medidas individualizadas. Canto mellor recollidas estean as respostas educativas nos documentos xerais do centro, menos significativas serán as medidas individuais a adoptar.

### **Análise de necesidades**

Para a detección de necesidades, análise e posteriores actuacións artellouse desde o Departamento de Orientación toda un complexo procedemento que dun xeito global abarcara ó propio IES, sempre enmarcado na presente circular de Orientación que envía a Consellería de Educación a principios de curso. No tocante á DETECCIÓN DE NECESIDADES:

As fontes empregadas para coñecer as necesidades da comunidade escolar son, principalmente:

- información recollida en reunións da CCP.
- información recollida polo orientador en reunións cos docentes e conversas formais e informacións co equipo directivo e profesorado
- reunións do propio Dpto. de Orientación con aportacións dos seus membros, dos centros de primaria e revisión da memoria final do curso anterior
- análise de cuestións formuladas por alumnado e familias no prazo de matrícula de inicios de curso
- percepción do clima de centro por parte do claustro
- resultados de avaliación inicial e informes de 6º Primaria.

Esta información inicial permite planificar o traballo, pero tamén teremos en conta novos datos, aportacións, suxestións... que xurdan ao longo do curso.

Despois de revisar os documentos do centro (PEC e PCC) e de recoller as conclusións da memoria do DO e especialmente da mestra de PT do curso anterior observamos as seguintes necesidades:

- Revisar as medidas de atención á diversidade (MAD) implementadas no centro e axustalas ás novidades lexislativas.

- Implementar a atención educativa daqueles alumnos/as que presenten necesidades educativas.
- Favorecer a integración do alumnado de novo ingreso no centro, especialmente cando este se incorpora ao longo do curso.
- Promover unha axeitada convivencia escolar, evitando comportamentos discriminatorios, ofensivos ou violentos no alumnado, que poidan levar a situacións de abuso ou acoso escolar.
- Adoptar as medidas necesarias ante a posible incorporación de alumnado estranxeiro, con TDAH, trastorno do espectro autista...

### **Obxectivos**

- Coñecer as necesidades do alumnado para o axuste da resposta educativa, indo sempre das medidas menos significativas as máis significativas.
- Desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, colaborando na organización e implementación de medidas de reforzo educativo, PDC e ACs.
- Dotar ao alumnado con necesidades educativas específicas dos recursos persoais e materiais necesarios para o seu desenvolvemento autónomo e integración social.
- Favorecer a integración académica de alumnos con características concretas como pode ser o caso de alumnos inmigrantes.
- Fomentar un Proxecto Coeducativo de Centro.

### **Contidos**

As MAD adoitan ser clasificadas en curriculares e organizativas. Esta clasificación está realizada dende unha perspectiva didáctica e expositiva, posto que en esencia os dous tipos de medidas implican aspectos curriculares e organizativos. As MAD contempladas na lexislación vixente son as seguintes (en negrita as que se contemplan neste IES)

- Medidas curriculares de atención á diversidade: adecuación do PEC e PCC as características do contorno, do centro e do alumnado; as programacións de aula; a acción tutorial; a orientación académico-profesional; optatividade; ACI e reforzo educativo
- Medidas organizativas de atención á diversidade: flexibilización do período de escolarización, PDC, Formación Inicial, Agrupamentos Específicos, Desdobramentos, Grupos de Adquisición de Linguas e Grupos de Adaptación da Competencia Curricular.

### **Actividades ou actuacións**

1º TRIMESTRE

- Proporcionar ao profesorado a información relevante en poder do departamento sobre o alumnado que presenta necesidades educativas.
- Proporcionar material ao profesorado para a recollida de información sobre o alumnado, co fin de coñecer o seu punto de partida.
- Dinamizar as sesións de avaliación inicial, colaborando coa xefatura de estudos no establecemento dunhas pautas axeitadas para o desenvolvemento da sesión.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que sexan necesarias e revisar e actualizar os informes dos alumnos cando se considere oportuno.
- Colaborar coa profesora de PT e AL na avaliación, deseño e desenvolvemento de actividades de recuperación daqueles alumnos que presenten dificultades no momento en que xurdan.
- Asesorar ao profesorado do PDC e da FP Básica/Formación Inicial sobre as características do alumnado deses grupos e sobre o funcionamento e características de ditos programas.
- Establecer, en coordinación coa mestra especialista en PT e AL e o profesorado dos alumnos que precisen algún tipo de reforzo, os horarios de apoio.
- Participar no programa de acollida de alumnos e profesores do centro, en colaboración coa dirección. A nosa función será a de participar na recepción e na información ao alumnado e as súas familias e na reunión co profesorado de novo ingreso no centro, sobre todo para informalos das necesidades de apoio educativo que presentan os alumnos.
- Colaborar na adecuación dos documentos xerais de centro nos aspectos pedagóxicos e organizativos que afecten ás medidas de atención á diversidade que actualmente funcionan se é necesario.
- Asistir e asesorar na realización da avaliación inicial e da primeira avaliación.

## 2º TRIMESTRE

- Analizar nas reunións de DO os datos recollidos na primeira avaliación e tomar as medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo – clase cando sexa preciso.
- Asesorar á CCP sobre as MAD e as posibilidades de implantar algunha nova no centro.
- Seguimento da intervención dos alumnos con RE e doutras medidas que poidan ser adoptadas a partir da 1ª avaliación, en colaboración coa mestra de PT.
- Proporcionar material e información ao profesorado para unha mellor resposta ás necesidades do alumnado.

- Proporcionar ás familias, no seu caso, información específica e pautas de desenvolvemento no fogar.
- Participar no Programa de Acolida, no caso de incorporación ao centro de novos alumnos ou de novos profesores (tamén no 3º trimestre).
- Facer o seguimento do PDC e da FP BásicaFP Inicial, en colaboración cos titores.
- Asistir e asesorar na 2ª avaliación.

### 3º TRIMESTRE

- Analizar os datos recollidos na 2ª avaliación nas reunións de DO e tomar as medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo – clase ou de cada alumno individualmente nos casos nos que sexa preciso.
- Levar a cabo a avaliación xeral das MAD postas en marcha no centro e elevar á CCP as conclusións para a reflexión e posibles modificacións.
- Asistir ás avaliacións do terceiro trimestre, asesorando en todo o relativo aos criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Realizar e analizar as conclusións da avaliación da nosa do D.O. na atención á diversidade no centro.
- Colaborar na realización dos informes individualizados dos alumnos.
- Colaborar na proposta de alumnado para as posibles medidas de atención á diversidade para o próximo curso.

### Planificación Xeral.

As actuacións desenvolveranse a través de varios ámbitos (a nivel de centro, nivel titorial, nivel de apoio ó proceso de ensinanza-aprendizaxe e orientación académica- profesional, nivel de actividades complementarias). O cronograma das actividades do Dpto. de Orientación para cada un destes ámbitos detállase nos anexos finais.

O deseño de actividades para desenvolver o Plano de Orientación de Centro en clara referencia os obxectivos propostos a nivel xeral, dependen concretamente dos **ámbitos de actuación** do Departamento de Orientación (*acción titorial, apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe, e orientación vocacional*), deste xeito unha vez lido os apartados referentes a eses ámbitos extráense con facilidade e claridade as actividades máis concretas e específicas.

Sen embargo, dun xeito xeral e a desenvolver ó longo do curso:

- Buzón de suxerencias para alumnos/as.
- Manter paneis informativos actualizados e todo tipo de información laboral ou académica.



- Charlas de orientación laboral, universitaria: Semana da Orientación Vocacional e Xornadas de Orientación Laboral (IES da comarca de Deza e limítrofes).
- Atención a consultas individuais ou grupais a alumnos/as, pais, e profesores/as no ámbito da orientación.
- Entrevistas con alumnos que manifesten problemas académicos.
- Entrevistas con familias de alumnos/as do Centro/s.
- Reunións periódicas cos titores/as.
- Reunións periódicas con membros do equipo directivo.
- Colaboración coa profesora de PT
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións cos profesores de apoio, xefes de estudio e directores dos centros adscritos.
- Reunións componentes da CCP.
- Participación en presesións e sesións de avaliación.
- Adquisición de material bibliográfico.
- Presentación do deseño do Plano de Orientación de Centro (nos anteriores ámbitos de: PAT, Plano de Apoio ó Proceso de E-A, e POA-P) a principio de curso (1<sup>o</sup> trimestre).
- Participación en actividades extraescolares.
- Asesoramento e información ao equipo directivo no referente a atención á diversidade.
- Colaboración en Xornadas feitas para/co Centro.
- Asesoramento e colaboración na elaboración, implementación e avaliación de medidas de atención á diversidade.
- Etc.

### **Estratexias de intervención**

A orientación evolucionou a un modelos sistémico; ademáis o alongamento da escolarizaicón obrigatoria e do número de persoas que se forman ao longo da vida, precisa e intervencións máis globais no contexto escolar, e no asesoramento familiar.

As accións descritas anteriormente serán levadas a cabo de forma variada: dende a intervención/asesoramento directa individual (modelo de counseling/coaching) á intervención indirecta individual e/ou grupal (modelo de consulta), e principalmente co modelo de servizos actuando por programas.

Asemade entre os medios e técnicas empregadas podemos destacar:

a) Consulta de bibliografía especializada

b) Uso das novas tecnoloxías de comunicación: internet, blogs, páxinas web especializadas...

- c) Aplicación de cuestionarios, enquisas, técnicas de observación, probas psicopedagógicas, fichas de recollida de información, probas estandarizadas de valoración da competencia curricular, tests específicos, contratos condutuais, escalas de estimación...
- d) Aplicación de programas informáticos específicos: baterías diagnósticas, probas de personalidade, estilo de aprendizaxe, toma de decisións...
- e) Charlas-coloquio, sesións informativas, obradoiros, cinefórum, grupos de debate, tests sociométricos, teatro-fórum...
- f) Dinámicas de presentación e de grupos, xogos cooperativos... para as titorías
- g) Cooperación de servicios de saúde, asistencia social, ONG variadas, entidades públicas e privadas... do entorno para participar no desenvolvemento de obradoiros, sesións monográficas de titoría, programas de prevención...
- h) Entrevistas persoais: alumnado, familia.
- i) Revisión de historial académico e documentación dos centros de procedencia.
- k) Consulta colaborativa con docentes, membros do equipo directivo, outros profesionais externos, EOE...
- l) Outras recomendacións.

A metodoloxía que pretende definir o traballo neste Plano de Orientación de Centro vai ser un elemento intermediario entre o que se pretende conseguir e as actividades concretas.

A liña metodoloxica xeral a seguir basease fundamentalmente nos principios ou estilos metodolóxicos:

- Metodoloxía *motivadora-sensibilizadora, participativa e crítico-reflexiva* coa realidade.
- Metodoloxía *activa e interactiva*.
- Metodoloxía *individual e grupal* (homoxénea ou heteroxénea).
- Abarcará tódolos campos posibles da comunidade educativa.

O Dpto. atópase á disposición dos membros da comunidade educativa, establecéndose un horario de atención para pais, alumnos, docentes, ao cal se lle dará difusión:

- atención a alumnos.
- atención a titores.

### **Metodoloxía**

Para levar a cabo a coordinación e o seguimento das medidas de reforzo educativo estableceranse reunións coa mestra de PT e dinamizaremos a coordinación entre o departamento e o profesorado de aula.

Empregaremos a observación e o intercambio de información cos titores para analizar as situacións do centro que poidan ser obxecto de cambio para unha mellor atención á diversidade e traballaremos con protocolos de información clara para facer chegar as diferentes propostas e medidas existentes sobre o tema ao profesorado, sempre apoiándonos nas reunións prescriptivas do DO e a través da CCP.

Cando un alumno sexa derivado ao DO nun primeiro momento intentarase resolver a situación a través do asesoramento ao profesor e ao titor. De ser necesario levarase a cabo a avaliación psicopedagóxica (*Orde 31/10/96*).

### **Recursos**

- **PERSOAIS:** o equipo educativo, especialmente aqueles que imparten docencia a alumnos con dificultades de aprendizaxe, a profesora de pedagogía terapéutica, responsables da atención directa aos alumnos. Os titores, coordinando algunhas das actuacións. O orientador, asesorando ao longo de todo o proceso de ensino – aprendizaxe, levando a cabo as avaliacións psicopedagóxicas e os deseños de intervención oportunos. Nos casos nos que sexa necesario recurrirase a profesionais de carácter externo, sobre todo os membros dos equipo de orientación específico.
- **MATERIAIS:** protocolos e materiais elaborados no DO e bibliografía.
- **ORGANIZATIVOS:** comprenden as medidas de reforzo educativo. O seguimento do alumnado farase en reunións cos titores e nas reunións do DO, sen prexuízo de que se realicen todas aquelas reunións que sexan necesarias cos distintos membros dos equipos docentes.

### **Avaliación**

A avaliación deste ámbito será continua e levarase a cabo durante todo o curso, a través de diferentes reunións dos órganos de coordinación docente. O criterio a ter en conta será a adecuación das medidas para responder ás necesidades dos alumnos. Para este fin analizarase o funcionamento das MAD desenvolvidas no centro, valorando o progreso dos alumnos, a adecuación dos criterios para a selección do alumnado a estas medidas, e as propias programacións didácticas dos profesores, xunto cos proxectos de centro e o desenvolvemento da titoría.

Dentro deste marco de avaliación prestarase atención especial ao papel do DO na atención á diversidade.

As propostas de mellora elaboraranse ao remate do curso, co obxectivo de organizar as MAD para o vindeiro.

## **DETECCIÓN TEMPERÁ DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE**

### **Obxectivos**

- Detectar alumnos con posibles déficits para a aprendizaxe.
- Detectar alumnos en situación de risco familiar que poida influír no seu proceso de aprendizaxe.
- Coñecer o historial académico do alumnado
- Proporcionar unha resposta educativa o máis axustada e inmediata posible

### **Accións**

**1ª** Na xornada de acollida para pais, os titores que reciben a alumnos novos recollerán información mediante unha entrevista semiestructurada.

**2ª** O profesor-titor analizará o expediente académico dos alumnos sempre que fose pertinente.

**3ª** Os profesores de materia realizarán unha avaliación inicial seguindo os protocolos que os departamentos didácticos fixeron con tal fin, para establecer o nivel académico dos alumnos que se incorporan a etapa ou o centro. Dende Xefatura de Estudos e Orientación elaborárase un **plan de atención a pendentes e a alumnado repetidor** (CCP, setembro 2024)

**4ª** O xefe do departamento de Orientación establecerá as reunións oportunas cos responsables de orientación dos C.E.I.P. dos cales procede o noso alumnado e o titores se for preciso e así mesmo cos titores do I.E.S. dos alumnos novos para analizar os resultados da entrevista e da avaliación inicial no caso pertinente. A partir desta información o orientador informará ao profesorado sobre aquel alumnado que presente algunha característica persoal ou académica salientable, e se tomará como punto de partida para posibles decisións e/ou intervencións posteriores, como a exención de francés e outras medidas de atención á diversidade.

**5ª** O departamento de orientación analizará os resultados e determinará que alumnos precisan unha exploración

**6ª** O xefe do departamento de orientación en colaboración coa profesora de P.T. e outros profesores dos alumnos analizarán aspectos pedagóxicos destes alumnos e valorará a necesidade de realizar a avaliación psicopedagóxica coa autorización dos pais ou titores legais do alumno.

**7ª** O departamento de orientación discutirá e avaliará a resposta educativa máis axeitada para cada alumno, o que será proposto á xefatura de estudos e ao titor do alumno.

**8ª** O Dpto. colaborará no deseño, planificación e desenvolvemento da resposta educativa individualizada.

## Metodoloxía

ASPECTOS METODOLÓXICOS XERAIS: reunións de coordinación docente e do D.O.

## Recursos

- PERSOAIS: departamento de orientación, titores, departamentos didácticos, familia, xefe de estudos.
- RECURSOS MATERIAIS:
  - Cuestionario de recollida de información elaborado polo departamento.
  - Protocolo de avaliación inicial elaborada polos departamentos didácticos.
  - Coñecer o historial académico do alumno no caso de habelo.
  - Probas estandarizadas: WISC, RAVEN, BADYG, K.A.B.C, L.P.A.D., Evalúa,...

## Temporalización

Durante os primeiros meses do curso.

## Avaliación

### CRITERIOS:

- Analizarse o nivel de consecución dos obxectivos.
- Celebración das reunións previstas.
- Pertinencia e utilidade das reunións e materiais para a consecución dos obxectivos.
- Nivel de participación dos distintos implicados
- Número de alumnos localizados e número de respostas educativas postas en marcha.  
Eficacia das respostas educativas deseñadas.

RECURSOS: modelos de análise dos distintos protocolos utilizados

## **PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** (estase a elaborar o PAD polo Departamento)

### Finalidade

Dar unha resposta educativa axustada ás características de todos aqueles alumnos/as que en maior ou menor grao presentan necesidades educativas de carácter permanente ou transitorio.

### Obxectivos

- Coñecer as necesidades do alumnado para o axuste da resposta educativa, partindo sempre da aplicación das medidas menos significativas ás máis significativas.
- Desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado con necesidade de apoio educativo.
- Dotalo das habilidades e recursos necesarios para o seu desenvolvemento autónomo e integración social.

## Accións prioritarias

Seguirase o establecido en anos anteriores, tanto nas medidas dirixidas a todo o alumnado coma nas medidas dirixidas a alumnos concretos, entre as que hai que destacar o procedemento de avaliación psicopedagóxica:

Accións dirixidas a todo o alumnado: avaliación inicial, especialmente dos alumnos de nova incorporación ao centro; análise da documentación do alumnado; etc. Os criterios para determinar que alumnos/as e que medidas empregar en base ás necesidades detectadas serán os seguintes:

- Alumnado que posee Informe de Avaliación Psicopedagóxica no que se recolla a necesidade dalgún tipo de medidas de atención individualizada.
- Alumnado que promociona de etapa/curso sen ter superadas as áreas instrumentais básicas.
- Alumnado que tivo e continúa necesitando medidas de apoio.
- Alumnado con atraso xeralizado nas aprendizaxes.
- Interese e esforzo do alumno ante as tarefas escolares (este criterio é transversal a tódolos anteriores)

Accións dirixidas a alumnos/as concretos: Dos casos priorizados levarase á cabo unha reunión na que tomarán parte o titor/a, profesorado das áreas involucradas, Xefe de Estudos, profesora de PT e o orientador do centro, para a toma de decisións que máis se axeita a cada caso concreto: Reforzo Educativo (RE), Adaptación Curricular (AC), Agrupamento Específico (AE), Programa de Diversificación Curricular (PDC). A aplicación destas medidas terá un carácter flexible e revisable a petición do profesorado involucrado e/ou dos pais, é dicir, a petición de calquera dos membros da Comunidade Educativa e en calquera momento do curso.

Avaliación Psicopedagóxica: levarase a cabo segundo o establecido na Orde do 31 de outubro de 1996. No caso de ver necesaria dita avaliación é preciso informar aos pais e recabar a información que nos poidan dar.

## Recursos persoais-organizativos e medidas que se implementarán

- Recursos persoais: Profesorado das distintas áreas, especialista en PT e AL, Orientador.
- Medidas a implementar:
  - Medidas de RE.
  - Aula de PT.
  - Adaptacións Curriculares.

- **Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento..**
- **Formación Profesional Básica.**

### **Recursos organizativos**

Os Reforzos Educativos son realizados polo profesor/a de área contando coa colaboración da profesora de PT e co asesoramento do orientador. As Adaptacións Curriculares son desenvoltas polo profesor/a da área/s adaptadas coa axuda da profesora de PT que leva á cabo o reforzo das aprendizaxes instrumentais básicas fóra da aula ordinaria, contando coa colaboración e asesoramento do orientador. O resto de medidas impártense segundo o establecido na lexislación vixente.

### **Criterios e procedementos de avaliación**

#### **CRITERIOS:**

- Axuste da resposta educativa a cada necesidade.
- Mellora do desenvolvemento xeral do alumno/a.
- Mellora dos resultados acadados polo alumnado en relación co seu punto de partida.
- Grao de implicación do profesorado.
- Grao de satisfacción do alumnado, pais e profesorado.

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS:** Ademais dos xa especificados para detectar a necesidade de aplicar ou non algunha das medidas anteriores, aplicaránse tamén outras que nos permitan detectar melloras xerais no alumnado: análise de tarefas; observación do traballo diario; probas axustadas a cada alumno/a concreto, que permitan detectar avances en relación co punto de partida de cada quen; reunións do profesorado implicado; entrevistas cos pais/nais.

### **CRONOGRAMA DAS ACTIVIDADES DO DPTO DE ORIENTACIÓN**

Durante o todo o curso

- Difusión das actividades do DO e a súa dispoñibilidade
- Atención dende a aula de PT alumnado con NEAE
- Asistencia a xuntas de avaliación para recoller necesidades e demandas de intervención no alumnado
- Representación na CCP e participación na elaboración/revisión do PEC, PCC cos demais membros.
- Asesoramento metodolóxico, aporte de documentación para o PEC, PAD, Plan de Convivencia, ...
- Asesorar ó equipo directivo, CCP e docentes para mellora-la atención á diversidade

- Elaboración do PAT, POAP, POV e PAD (seguindo as directrices marcadas pola CCP)
- Adquisición de material para o DO (titorías, atención alumnado NEAE, orientación académico-profesional)
- Coordinación con outras institucións, titoría, xefatura de estudos/equipo directivo respecto de actividades titoriais e de convivencia
- Difusión de información a familias sobre sistema educativo, posibilidades e intereses dos fillos e calquera outra información pertinente
- Fomentar a convivencia e a resolución de conflitos de forma positiva dos membros da comunidade educativa Xefatura do DO comisión de convivencia
- Coordinación cos Servizos Sociais e EOE Pontevedra
- Coordinación coa Familias

## PROPOSTAS DE MELLORA

- Continuar coa mellora do **proxecto educativo de centro**, reformulándoo e adaptándoo ás novas necesidades. Implementar plans e proxectos de formación no IES.
- Desenvolver **Obradoiros dinámicos** na hora de titoría
- Asesoramento contínuo na hora de **reunión semanal cos titores/as**. Formulando un foro de debate e de ideas, conxuntamente con xefatura de estudos.
- Traballar o Edixgal e na aula virtual, con cursos de formación dende o Dpto.
- Continuar coa implementación e mellora das actividades do **Plan de Convivencia do centro**, implicando de forma máis directa ás familias do alumnado e a tódolos docentes (non só titores/as); dar lugar a novas propostas.
- Mantemento da boa coordinación con **Servizos Sociais/educadora familiar**, buscando a súa colaboración para establecer unha Escola de Pais e Nais e/ou algo simialar, con actividades que os animen a participar máis directamente na vida do centro.
- Continuar co **asesoramento** a calquera persoa que o solicite no Dpto de orientación, xa que nestes últimos tempo apréciase un repunte nas consultas de persoas que están fóra do sistema educativo e queren voltar (acreditar competencias, proposta de FP Dual, a distancia, probas libres, FP Básica, probas de acceso variadas...).
- Impulsar e reforzar o **a convivencia no IES**. Reunións periódicas de coordinación.



- Sensibilizar o profesorado titor na temática dos **plans PROXECTA**, e dos Obradoiros (sexualidade, consumo, comunicación, ...) ofertados dende o concello de Lalín e/ou outros organismos, ....
- En coordinación con xefatura de estudos por en funcionamento e implementar o **plan de pendentes e de alumnos/as repetidores**.

## **PROGRAMA DE APOIO AO PROCESO DE** **ENSINO-APRENDIZAXE**

A escolaridade obrigatoria e postobrigatoria presupón adoptar unha organización que asegure e posibilite unha formación básica que responda ás necesidades de tódolos alumnos/as. O Departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades dos alumnos/as e profesores, ben mediante a intervención directa ou facilitando recursos e estratexias que inciden nos ámbitos que, interrelacionados cos procesos de ensino e aprendizaxe, manifestan a diversidade (intereses, capacidades, motivacións, etc).

Na medida en que a educación obrigatoria é un dereito de tódolos nosos alumnos e alumnas, debemos facer todo o posible para que todos e les aprendan e progresen, buscando diferentes vías didácticas que lles permitan acadar con éxito os obxectivos educativos. Estas medidas curriculares refírense tanto a axudas concretas que podan precisar os alumnos en determinados momentos para superar algunha dificultade, ata axudas permanentes e continuas ao longo da súa escolaridade.

Dende a Aula de Apoio plantexámonos a formación integral deste alumnado procurando os apoios necesarios para que ao remate da súa escolaridade o alumno desenvolva ao máximo as súas competencias e poida beneficiarse de todo aquilo que o noso sistema educativo é capaz de ofrecerlle.

Prestaremos especial atención en reforzar a súa aprendizaxe nas áreas instrumentais, así como ao desenrolo de capacidades básicas (atención, memoria, comprensión, razoamento, abstracción, organización...), proporcionándolle ao noso alumnado aprendizaxes significativas e funcionais que lle permitan un mellor desenvolvemento persoal e académico.

Para que dita tarefa sexa o máis produtiva posible, requirirá a colaboración e coordinación entre as diferentes persoas implicadas na vida docente do alumno (familias, titores, profesores de área, profesora de pedagogía terapéutica, orientadora) e a dinámica do propio centro; será a través de todos eles que se levarán a cabo estratexias específicas dirixidas a

mellorar a interacción e integración social e académica destes alumnos, posibilitando a súa participación activa nas diversas actividades escolares e compartindo situacións comúns de traballo cos seus compañeiros de clase.

Aproveitando deste xeito a escola como un espazo privilexiado no que se comparte e convive con persoas que proceden doutros grupos culturais ou sociais e se aprende a valorar e a respectar a diversidade, procurando unha maior calidade educativa para todos.

### **Finalidade**

Facilitar a planificación, desenvolvemento e avaliación dunha resposta adaptada ás necesidades e peculiaridades dos grupos e individuos da educación.

No que respecta ao alumnado do centro que presenta necesidades e que vai ser atendido pola profesora de apoio do centro, dicir, que en setembro, comezaran os apoios, dentro da aula ordinaria, e inicialmente dos alumnos/as con Adaptación Curricular e aqueles con informe de primaria no que recomenden esta medida. Estes apoios concentraranse nas áreas de matemáticas, lingua galega e lingua castelá.

Ademais do alumnado citado, incorpórase ó centro, procedente de vilas dos arredores, novo, polo cal, despois da realización das avaliacións iniciais no mes de outubro, valorarase a posibilidade da atención e apoio por parte da mestra de P.T. do resto de alumnado con dificultades.

De acordo co punto 3 do artigo 5 do D. 86/2015, a identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, faranse do xeito máis temperá posible e, en relación cos centros adscritos.

A detección de necesidades levarase a cabo de forma especial ao principio de cada curso escolar, especialmente co alumnado de nova incorporación ao centro, manténdose un seguimento ao longo do curso, así como o control de alumnado que se incorpore despois do comezo do mesmo.

Fontes de información e recursos:

- Entrevistas co propio alumnado
- Revisión de expedientes educativos e informes dos centros educativos de orixe.
- Entrevistas con nais/pais/titores legais/alumnado.
- Informes e entrevistas doutros organismos e entidades (servizos de asistencia social, médicos, asociacións de inmigrantes...).
- Instrumentos de avaliación psicopedagóxica (de competencias, personalidade, autoconcepto, habilidades sociais...) e de técnicas instrumentais básicas (comprensión e expresión lectora e escrita, razoamento lóxico-matemático, coordinación visoespacial,

atención, concentración, memoria visual e auditiva, aptitudes xeralizadas e diferenciais...).

- Revisión de memorias de fin de curso e decisións, suxerencias de claustro e CCP.
- Conversas con docentes e aportacións sobre dificultades e aspectos a mellorar para o curso seguinte (convivencia escolar, educación en valores...).
- Revisar as medidas de atención á diversidade que funcionan no centro
- Detectar alumnos con posibles déficits para a aprendizaxe e/ou en situación de risco que poida influir no seu proceso de aprendizaxe.

### **Obxectivos**

- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Personalizar a ensinanza.
- Promover a funcionalidade das aprendizaxes.
- Previr dificultades no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Correxir dificultades no proceso de aprendizaxe daqueles alumnos/as que xa presentan dificultades.
- Dotar ao alumnado de recursos que faciliten o estudo activo, o desenvolvemento cognitivo e fomenten a motivación escolar e a valoración do esforzo.
- Inculcar no alumnado hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma.

### **Contidos**

Reforzo das aprendizaxes instrumentais básicas; hábitos de estudo e Técnicas de Traballo Intelectual (TTI).

### **Secuenciación**

- Nas medidas de atención á diversidade priorizaranse as medidas ordinarias sobre as extraordinarias (que se levarán á práctica só nos casos de que as ordinarias non dean resposta ás necesidades do alumnado).
- En 1º e 2º da ESO, e na FP Básica priorizarase o reforzo das aprendizaxes instrumentais básicas e o desenvolvemento das técnicas de estudo, sen esquecer as TTI.
- En 1º e 2º da ESO darase prioridade, sobre todo nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá á lectura, á comprensión e á expresión, así coma á ortografía.
- En 3º e 4º da ESO e 3º ESO PDC, BAC e Ciclos Formativos de FP de Grao Medio e Superior toman carácter prioritario as TTI, continuando a incidir nos hábitos de estudo.

- Estes contidos serán desenvolto a través das distintas áreas e da titoría, segundo o establecido no PAT.

**Temporalización:** segundo o establecido no PAT do centro.

### Recursos

- Materiais: de razoamento lóxico–numérico, de comprensión de textos, de velocidade lectora e de exercitación e recuperación das habilidades para o estudo, básicamente das editoriais CEPE, ICCE e EOS. Ademais empregaranse materiais elaborados polo DO en colaboración cos departamentos didácticos, os materiais empregados nas distintas áreas e probas de coñecementos previos.
- Persoais: profesorado das distintas áreas, especialista en PT, titores e todos os membros do DO.

### Criterios e procedementos de avaliación

- Criterios:
  - Grao de satisfacción do alumnado.
  - Grao de satisfacción do profesorado.
  - Mellora dos resultados xerais e individuais do alumnado acadados nas distintas áreas.
  - Mellora do grao de reflexión e autonomía para aprender.
- Procedementos:

Observación do traballo diario; análise de tarefas; batería de aptitudes diferenciais e xerais, se é o caso; probas de coñecementos previos; cuestionarios sobre hábitos de estudo e TTI; reunións co profesorado; entrevistas cos país.

### ACTIVIDADES E PLANIFICACIÓN

No referente ás actividades planificadas e a súa temporalización, destacamos tres momentos:

#### a) Actividades de principio de curso

- Claustro inicio de curso.
- Elaboración de horarios.
- Avaliación inicial do alumnado, levada a cabo en outubro, colaborando cos distintos especialistas que teñen alumnado con AC, e ademais, a PT realiza avaliacións sobre aspectos específicos e característicos deste alumnado, así coma doutros sen ACI pero con recoñecidas e manifestas dificultades de aprendizaxe.
- Reunións co profesorado e colaboración na realización de ACIs.

- Revisión documentos do centro, regulamento, programacións anteriores, memoria do curso pasado.
- Revisión informes anteriores do alumno de cara a coñecer as características, necesidades, competencias e todos aqueles aspectos relevantes que proporcionen información de cara a establecer un apoio adecuado con cada alumno para que alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades.
- Deseño das intervencións a levar a cabo con cada alumno.
- Programación de actividades.
- Elaboración e adaptación do material.
- Demanda de recursos necesarios para a aula e para o traballo con cada alumno/a.

### **B) Actividades para todo o curso**

- Implementación das intervencións co alumnado.
- Intervención directa con cada alumno, establecendo sesións conxuntas co profesorado de materia e/ou ámbito.
- Asesoramento mutuo do profesorado.
- Seguimento do alumnado en colaboración co titor e profesores implicados.
- Deseño de instrumentos, técnicas e rexistros de avaliación.
- Intercambio de información e reunións periódicas coas familias.
- Elaboración e adaptación do material.
- Realización de cursos de formación.
- Avaliación continua do alumnado.
- c)Actividades xuño
- Avaliación final del alumnado.
- Avaliación das intervencións co alumnado.
- Realización dos informes e memoria final de curso.
- Toma de decisións para o próximo curso.

### **CRONOGRAMA:**

- Detección de necesidades alumnado
- Recursos do centro educativo
- Valoración da competencia curricular e adopción de medidas de atención á diversidade para os alumnos/as con dificultades.

- Revisión de expedientes
- Revisión de informes
- Información aos titores/as
- Información aos titores/as do ACNEAE e das medidas de atención á diversidade (Reforzo, aula de PT, ACIs, Desdobres,....)
- Aula de PT. Alumnado con NEE.
- Flexibilización modular no caso de FP
- Plan de Pendentes
- Asesoramento ao profesorado, pautas de traballo, adquisición de material curricular, información especializada, ...
- Protocolos de actuación para o alumnado TDAH/TEA .... Información ao profesorado do que se indica en ditos protocolos e/ou nos informes médicos que acompañan os seu diagnóstico.
- Avaliación Inicial
- Obradoiros de Técnicas de Estudo para 1º ESO (ata principios de novembro)
- Seguemento das medidas de atención á diversidade aplicadas (avaliación ordinaria)
- Seguemento alumnado atención diversidade
- Seguemento protocolos desenvolto
- Reunións titores/as resultados 1 avaliación
- Seguemento alumnos/as de medidas atención á diversidade
- Seguemento outros alumnos/as con dificultades logo da 1 avaliación
- Inclusión de alumnos/as en RE e/ou outras medidas atención á diversidade.

Primeiro, segundo e terceiro trimestre (coincidindo coas avaliacións ordinarias e/ou ben outro motivo)

- Seguemento do Alumnado con Necesidades Educativas de Apoio Educativo. Revisión e axuste das medidas de atención á diversidade aplicadas. Detección doutro alumnado con Necesidades Específicas. Información ás familiares.
- Reunións seguemento medidas atención á diversidade
- Alumnado inmigrante (inclusión)

Durante todo o curso

- Revisión de expedientes de incorporación tardía no IES

- Asesoramento ao profesorado sobre pautas de traballo co alumnado con NEE
- Adquisición material
- Seguemento periódico do alumnado.
- Avaliacións psicopedagóxicas que se precisen ou se soliciten.
- Entrevistas contínuas coas familias
- Coordinación contínua con PT, docentes, coordinador do Plan de Pendentes, Contratos Programa, ...
- Asesoramento do alumnado que asista a centros específicos (Logopeda, ASPADEZA, ...)
- Valoración do alumnado que precisará atención á diversidade para o vindeiro curso.
- Reunións trimestrais ou outras máis periódicas cos centros de Primaria.
- Derivación e casos aos servizos especializados (EOE, Servizos Sociais, ...)

### **PROGRAMA DE INCORPORACIÓN DE ALUMNADO INMIGRANTE**

Este programa, incluído no plano de orientación, complementa e se integra dentro das medidas de atención específica o alumnado de procedencia estranxeira que o centro articula dentro do P.E.C. e P.C.C. Atendendo a escolarización destes alumnos o centro articulará as medidas organizativas para dar a resposta educativa. Así mesmo o departamento de orientación realizará avaliación psicopedagóxica, se fora preciso, destes alumnos, e colaborará na avaliación inicial para posibilitar unha resposta curricular o máis axeitada posible.

#### **Obxectivos**

- Favorecer a integración dos alumnos no centro e na súa clase.
- Colaborar no deseño da resposta educativa curricular
- Profundizar en valores de tolerancia, respecto a diversidade.
- Proporcionar recursos materiais eficaces para traballar con estes alumnos.

#### **Aspectos a tratar**

A acollida na que serán acompañados por profesores e alumnos.

- O alumno titor do seu grupo clase
- Monográfico sobre os países de procedencia a implementar na titoría.

#### **Metodoloxía**

Os alumnos participarán na xornada de acollida que con carácter xeral se realiza no centro e irán acompañados cun profesor tradutor. O mesmo tempo, estes alumnos estranxeiros irán descubrindo diante dos seus compañeiros todos os carteis informativos do centro (ex: secretaría, sala de profesores...) nos idiomas oficiais de Galicia e tamén nun dos idiomas

oficiais dos países de procedencia destes nenos. Nas primeiras sesións de tutoría nas aulas onde se escolaricen estes alumnos proxectarase un vídeo documental sobre os país e os costumes de onde proceden estes alumnos.

### **Recursos**

PERSOAIS: Profesores do centro con coñecemento de idiomas.

MATERIAIS: guía escolar dos alumnos da E.S.O., *países do mundo* colección documental da B.B.C. Diverso material impreso dirixido integración das minorías étnicas: Guía práctica de conversación español – árabe magrebí. Ed Arguval. ; *Aula 2* Jaime Corpas y otros. Ed Difusión. ; *Mis primeros días*, Belén Muñóz. Ed Sgel.

### **Avaliación**

Valorarase a satisfacción destes alumnos con respecto a súa acollida e si se realizaron as accións previstas con eficacia.

## **PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS**

### **Marco Normativo**

As lexislacións educativas vixentes establecen na autonomía dos centros a elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento.

O Decreto 156/2022 sinala que o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das conductas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. No punto 2 de dito artigo sinala que poderán desenvolverse, ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, educación afectivo-sexual e igualdade entre homes e mulleres.

### **Características do centro**

O IES Ramón María Aller Ulloa é un centro situado nun entorno semiurbano, con numeroso alumnado procedente de entornos rurais. Trátase dun centro de tamaño medio no que se imparten ensinanzas de ESO, Bacharelato en todas as súas modalidades e Ciclos de Formación Profesional Básica, de Grao Medio e de Grao Superior da familia profesional de informática e comunicacións. Conta cunha plantilla de en torno a sesenta profesores/as e un alumnado que oscila entre os 600 alumnos/as. Este alumnado distribúese habitualmente en tres grupos para cada curso de secundaria e bacharelato e un grupo para cada curso dos distintos niveis de formación profesional. Como en todos os centros educativos, o alumnado é heteroxéneo nas súas situacións persoais, familiares e sociais, dándose casos de situacións



de risco nun ou varios deses ámbitos, para o que o centro conta coa colaboración de axentes externos, como servicios de saúde ou servicios sociais. En canto aos resultados académicos, estes sitúanse na media dun centro destas características.

A convivencia pode valorarse, en xeral, como positiva entre todos os axentes da comunidade educativa. No caso do alumnado, os conflitos soen ser menores, pequenos enfrontamentos puntuais que se resolven con mediacións sinxelas ou sancións establecidas no regulamento do centro. Non se perciben casos graves de faltas de respecto entre o alumnado nin deste co profesorado, nin se veñen dando casos de acoso escolar. En definitiva, a convivencia no centro é positiva e agradable, o cal dá sentido á implementación dun programa de habilidades sociais como unha actuación preventiva neste ámbito.

### **Convivencia escolar**

Pode definirse como a acción de vivir e relacionarse con outras persoas, entendida como proceso activo, relación, tempo, actividades e espazos e unha serie de normas e valores, explícitos ou implícitos, que regulan eses contactos. E ao falar de convivencia escolar referímonos a ditas relacións cando estas se producen no contexto escolar. Respecto da convivencia escolar debemos centrarnos en dous focos: un positivo (a ensinanza das condutas necesarias para convivir) e un negativo (interesado nos problemas de convivencia). A convivencia no centro escolar atende a relación entre diversos axentes (profesores, alumnos e pais), centrándonos na convivencia profesorado-alumnado e entre o propio alumnado.

### **Os problemas de convivencia**

Podemos diferenciar catro tipos de problemas de convivencia:

- Descortesía: Relacións interpersoais cotiás bruscas e con falta de respecto cara a outra persoa.
- Danos materiais e vandalismo: Dende o mal uso ata o deterioro de bens do centro ou das persoas.
- Indisciplina e conductas disruptivas que perturban a dinámica de ensino-aprendizaxe na aula e que implican violación das normas.
- Violencia interpersoal, tanto física como verbal, xestual ou psicolóxica, illamento e exclusión, racismo, acoso escolar.

Ante esta situación cabe actuar mediante o deseño e implementación de programas e intervencións que promovan e melloren a convivencia nos centros educativos. Un dos programas que se dirixirían a este obxectivo sería un programa de habilidades sociais, como o que presentamos a continuación.

## **Habilidades sociais**

### **Que son**

As habilidades sociais son un numeroso e variado conxunto de condutas que se poñen en xogo en situacións de interacción social, e comprenden un conxunto de cognicións, emocións e condutas que permiten relacionarse e convivir con outras persoas de forma satisfactoria e eficaz. Como condutas que son, presentan unha serie de características:

- Que se fan, se din, se pensan e se sinten, en función dos seus compoñentes:
  - o Cognitivos (o que penso, imaxino)
  - o Conductuais (o que digo e fago)
  - o Emocionais (o que sinto, sensacións corporais)
- Que se adquiren coa aprendizaxe ao longo do ciclo vital, non son un rasgo da personalidade. Un rapaz/a vai aprendendo ao longo do seu proceso de socialización e da relación con outras persoas, distintas habilidades que lle permiten xogar, manter unha conversación, que lle fan ser simpático, agresivo, tímido. Por iesen, non debemos esquecer que estas condutas son educables e poden modificarse
- Que son específicas en resposta a situacións específicas, isto é, unha conduta social depende do contexto concreto de interacción, polo cal hai que ter en conta a situación na que se interactúa, pois situacións e contextos distintos presentan diferentes normas e requiren condutas e habilidades distintas. Por elo, os/as alumnos/as deben aprender a manexarse de forma hábil en diferentes contextos (amigos, aula, fogar,...).
- Que se producen en relación a outras persoas, polo cal hai que ter en conta aos interlocutores e as súas peculiaridades, intereses,... Así, hai que procurar que os/as rapaces/as teñan en conta aspectos das persoas coas que se relacionan, como son a súa idade, sexo, relación, autoridade, afecto,...
- Que teñen complexidade diversa, segundo a habilidade, pois non é o mesmo dar un discurso que manter unha conversa amistosa. Por elo, é útil que o alumnado coñeza distintos contextos con distintos modos de actuación (cumplidos, peticións, defender os dereitos, rexeitar peticións, disculparse,...)

As habilidades sociais son necesarias para que exista unha boa convivencia no entorno escolar nas distintas relacións que se dan entre os seus membros, tanto entre o alumnado coma entre alumnado e profesorado, unha boa convivencia que non se refire só ás condutas disruptivas (negativismo, condutas desafiantes, agresividade,...) senón tamén a outras dificultades interpersoais, como a timidez, inhibición, illamento, medos,...

As habilidades sociais están constituídas por unha serie de dimensións ou conductas relativamente independentes entre sí. Caballo (2002), sinala diversos exemplos:

- Facer e aceptar cumpridos
- Facer peticións
- Expresar amor, agrado e afecto
- Iniciar e manter conversacións
- Defender os propios dereitos
- Rexeitar peticións
- Expresar opinións persoais, incluído o desacordo.
- Expresión xustificada de molestia, desagrado ou enfado.
- Solicitar cambios na conduta do outro.
- Disculpase ou admitir ignorancia.
- Afrontar críticas sobre a propia conduta.

A aplicación axeitada destas habilidades na relación co entorno fai que unha persoa poida ser socialmente competente, o cal implica variables relacionadas coa percepción do ambiente que o rodea; variables relacionadas co que fai para resolver unha situación social; e relacionadas coa anticipación de consecuencias.

Estes comportamentos deben, ademais, adaptarse a cada contexto determinado. En definitiva, unha persoa que aplica as condutas mencionadas con eficacia nos momentos axeitados pode considerarse socialmente competente, capaz de discriminar a situación social na que se atopa e de emitir unha combinación de respostas eficaz.

As habilidades sociais están influídas polos estilos condutuais que pode presentar unha persoa nunha situación social, e que son:

- **Agresivo:** unha das persoas sitúase nun plano de superioridade, non respecta á outra e non ten en conta os seus dereitos persoais
- **Asertivo:** ambas interactúan nun plano de igualdade, amosando mutuo respecto e moderación.
- **Inhibido:** unha delas está nun plano de inferioridade e non esixe que a respecten.

### **Entrenamento en habilidades sociais na escola**

A conduta interpersonal apréndese, e, por tanto, pode ensinárselle e modificarse, o cal se fai a través de estratexias de intervención que se poden etiquetar como Entrenamento en Habilidades Sociais, que consiste nunha ensinanza directa, sistemática e intencional que vaia máis alá da instrución formal ou da simple exposición ao comportamento de profesores/as ou compañeiros/as socialmente máis hábiles. É necesario incluír programas de habilidades

sociais nos centros educativos, de tal xeito que se traballen de forma preventiva e non só a través de intervencións terapéuticas puntuais.

### **Habilidades sociais a desenvolver**

No presente programa imos traballar unha serie de habilidades sociais que consideramos as necesarias e positivas para o desenvolvemento dunha competencia social do alumnado que redunde nunha mellora da convivencia. Serán as seguintes:

- Autoconcepto: Representación que a persoa constrúe de si mesma tras considerar e avaliar a súa competencia en diferentes ámbitos (aspectos sociais, de relación, cognitivos ou de integración).
- Autocontrol: Capacidade para regular as propias emocións, pensamentos e condutas, especialmente as de carácter negativo.
- Empatía: É a capacidade de poñerse na perspectiva do outro, o que proporciona confianza, respecto e aprecio mutuo nas relacións, convertíndose nun factor decisivo para a resolución de conflitos.
- Habilidades comunicativas: Son esenciais para establecer relacións positivas coas persoas do noso entorno, e abranguen aspectos como a comunicación verbal e non verbal e a escoita activa.
- Asertividade: Defensa dos dereitos propios sen violar os alleos, sen dañar as relacións cos demais, sabendo dicir que non, pedir aclaracións ou aguantar as presións do grupo.
- Resolución de conflitos: Implica a posta en práctica de moitas das habilidades xa mencionadas, aplicándoas para resolver de forma pacífica situacións de tensión no entorno.

### **O Programa de Habilidades Sociais**

#### **Destinatarios**

O destinatario último deste programa é o alumnado de Educación Secundaria, pero tamén o son o profesorado, xa que se pretende proporcionarlles materiais e coñecementos que posibiliten a súa formación e faciliten a aplicación do programa na aula co seu alumnado.

Alumnado e profesorado terían unha responsabilidade compartida no traballo, sendo o profesorado o encargado da aplicación formal do programa sen olvidar o papel de axente activo do alumno na aprendizaxe.

#### **Obxectivos**

- Mellorar o clima de convivencia na aula e no centro.
- Previr situacións de violencia e acoso escolar.
- Favorecer o autoconhecimento.

- Fomentar un autoconcepto positivo.
- Concienciar e sensibilizar sobre a importancia de sentirse seguros de si mesmos.
- Comprender mellor a un mesmo e aos demais.
- Tolerar, respectar e valorar as diferencias individuais.
- Desenvolver e fomentar a empatía.
- Potenciar o diálogo e outras ferramentas de interacción social.
- Mellorar a capacidade de comunicación interpersoal.
- Desenvolver habilidades para expresar os sentimentos, desexos...
- Identificar e diferenciar as características dos tres estilos de relación interpersoal: inhibido, asertivo e agresivo.
- Reflexionar sobre a comunicación interpersoal e utilizar a comunicación verbal e non verbal con outras persoas.
- Coñecer e valorar os comportamentos asertivos.
- Poñer en práctica a defensa dos dereitos persoais de forma asertiva.
- Desenvolver a capacidade de análise ante os conflitos que poidan xurdir na aula.
- Resolver os conflitos dunha forma non violenta.

### **Contidos**

Os contidos fan referencia ás habilidades a traballar no programa. Isto é:

- Autoconcepto
- Autocontrol
- Empatía
- Habilidades comunicativas
- Asertividade
- Resolución de conflitos

### **Actividades**

Usaránse distintos tipos de tarefas:

- De reflexión, sobre todo ao inicio ou ao remate dun bloque de actividades ou do traballo referido a unha habilidade concreta.
- De modelado, a través de outros alumnos/as, uso de imaxes, vídeos...
- Dramatización e simulación de situacións.
- Lecturas.

Ademais, o tipo de tarefas adaptarase ao curso e idade do alumnado, pois o nivel de madurez é un aspecto moi relevante á hora de desenvolver este tipo de habilidades.

Usaránse distintos tipos de tarefas:

- De reflexión, sobre todo ao inicio ou ao remate dun bloque de actividades ou do traballo referido a unha habilidade concreta.
- De modelado, a través de outros alumnos/as, uso de imaxes, vídeos...
- Dramatización e simulación de situacións.
- Lecturas.

Ademais, o tipo de tarefas adaptarase ao curso e idade do alumnado, pois o nivel de madurez é un aspecto moi relevante á hora de desenvolver este tipo de habilidades.

No Anexo do programa aparecen exemplos de actividades relativas aos diferentes contidos.

### **Metodoloxía**

É moi importante que o clima da aula sexa positivo, cunha atmósfera cordial e un ambiente no que se fomenten e poñan en práctica valores de convivencia, cooperación, participación, solidariedade..., combinando a esixencia cun ambiente lúdico, a seriedade co lúdico...

Algunhas directrices á hora de desenvolver o programa deben orientarse a:

- Establecer unha relación próxima.
- Fomentar a participación.
- Adaptar as habilidades a cada grupo e ás características do alumnado.
- Inclusión de todo o alumnado.
- Empregar estratexias como a reflexión persoal, o modelado, a práctica, o reforzamento ou o role-playing.

### **Temporalización**

Empregaranse as sesións de titoría, sobre todo, ao longo do segundo trimestre. Os/as titores/as decidirán, segundo o grupo e as necesidades que detecten, as habilidades que potenciarán, así como as sesión que adicarán a dito traballo.

### **Recursos**

A implementación do programa de habilidades sociais conta con recursos persoais e materiais.

Persoais: Os recursos persoais precisos para o programa estarían constituídos polos membros do departamento de orientación, o equipo directivo e os titores e titoras, con tarefas específicas de coordinación por parte do orientador. Estaría aberto á colaboración do resto do profesorado disposto a incluír aspectos do programa nas súas clases. Para determinados grupos está aberta a posibilidade da colaboración de profesionais externos que implementen obradoiros sobre habilidades concretas con algún grupo determinado.

Materiais: Entre os recursos materiais contaríamos con material impreso (fichas, manuais...), e audiovisual (anuncios, cancións, películas, vídeos), páxinas web con actividades sobre o

tema. Este material estará a disposición do profesorado a través do departamento de orientación.

### **Avaliación do programa**

Ao longo da aplicación do programa irase avaliando o desenvolvemento das distintas fases, sesións e actividades do mesmo a través da adecuación das mesmas ao alumnado, satisfacción, participación..., coa intención de ir introducindo as melloras necesarias. Ao remate do mesmo farase unha avaliación final para o que se empregarán diversos instrumentos. Unha posibilidade sería empregar instrumentos de avaliación sobre relacións sociais e determinadas habilidades, por exemplo:

- Cuestionarios sociométricos. Empregarase para coñecer os tipos de relacións que se establecen entre os alumnos dunha aula. Un exemplo de test sociométrico para o alumnado de secundaria sería o adaptado de Michelson, Sugai, Wood e Kazdin, de 1987.
- Escala de conduta asertiva para nenos e nenas, de Michelson, Sugai, Wood e Kazdin, 1987. Esta escala avalía o estilo de relación (asertivo, inhibido ou agresivo). Aborda cinco áreas: dar e recibir cumpridos, queixas, empatía, rexeitar peticións, iniciar, manter e terminar conversacións. Nos ítems, descríbese unha situación interpersonal con tres alternativas de resposta, unha asertiva, unha inhibida e unha agresiva, entre as que o alumno/a debe escoller.

## **6.2. ACCIÓN TITORIAL**

A acción titorial considérase un proceso de carácter interno e continuo no eido escolar encamiñado a favorecer o desenvolvemento integral do alumno. Isto implica favorecer a adquisición de aprendizaxes significativas, o proceso de toma de decisións, a socialización e o desenvolvemento da personalidade.

A titoría e orientación está regulada DECRETO 157/2022 e 156/2022 no artigo 20. Titoría e orientación 1:

- *A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante en cada un dos cursos,.*
- *Cada grupo de alumnos e alumnas contará cun titor ou unha titora, designado/a polo/a director/a do centro docente entre o profesorado que lle imparta docencia ao grupo.*
- *O profesorado titor terá a responsabilidade de coordinar o equipo docente que imparta clases nese grupo, no relativo tanto á avaliación como aos procesos de ensino e aprendizaxe, e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais.*

- *A orientación educativa garantizará ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado apra faovrecer a súa continuidade no sistema educativo, ou se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.*

Desde o DO impulsaremos e trataremos de coordinar e apoiar a acción titorial, axudando a deseñar, desenvolver e avaliar o PAT, que realizaremos en colaboración cos titores, baixo as directrices da CCP e coa supervisión da XE, tendo en conta as características de cada etapa.

### **Análise de necesidades.**

As necesidades establécense tras consultar a memoria do DO e a avaliación do PAT do curso pasado. Así, atopámonos coa necesidade de:

- Consensuar coa comunidade educativa as liñas da acción titorial, especialmente cos titores e establecelas con claridade.
- Coordinar as actividades titoriais.
- Facer extensible a acción titorial a alumnos, familias e profesorado e aos ámbitos escolar, persoal e vocacional.

### **Obxectivos**

#### Respecto ao alumnado

- Facilitar a integración do alumnado no centro.
- Fomentar a tolerancia e as normas de convivencia no alumnado co fin de formar a cidadáns responsables, autónomos e participativos.
- Contribuír ao desenvolvemento da personalidade do alumnado e impulsar o desenvolvemento vocacional.
- *Avaliación*: non abonda con ofrecer avaliaci3ns, a avaliación consta dun dos elementos básicos.

Polo tanto, a intervención no modelo do **programa de educación socioemocional** debe incluír polo menos as seguintes fases: obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades e avaliación.

### **Obxectivos específicos**

- Desenvolver a capacidade de previr e controlar o estrés, a ansiedade e os estados depresivos.
- Tomar conciencia dos factores que inducen o benestar subxectivo.
- Desenvolver o sentido do humor.
- Desenvolver a capacidade de diferir as recompensas inmediatas en favor doutras recompensas que sexan maiores pero que se obteñan máis a longo prazo.
- Desenvolver resistencia á frustración.

### **Contidos e actividades socioemocionais**

- Intelixencia emocional.
- Coñecemento das propias emocións e das alleas.
- Autoestima.
- Motivación propia.
- Empatía.
- Resolución de conflitos.
- Habilidades para a vida.
- Habilidades Sociais (*incluído no Plan de acción titorial do IES*)
- Comprensión e regulación das emocións.

### **Efectos esperados**

- Aumento das habilidades sociais e das relacións interpersoais de éxito.
- Diminución dos pensamentos autodestrutivos, mellora da autoestima.
- Diminución da taxa de violencia e agresións.
- Menor comportamento antisocial ou desordenado socialmente.
- Menos número de expulsións da clase.
- Mellora do rendemento académico.
- Diminución do inicio do consumo de drogas.
- Mellor adaptación escolar, social e familiar.
- Diminución da tristeza e dos síntomas depresivos.

- Diminución da ansiedade e do estrés.
- Diminución dos trastornos relacionados coa alimentación.

### **Bloques temáticos**

O marco de competencia emocional divídese en dúas partes:

- Habilidades intrapersonais (diríxense á propia persoa):
  - Conciencia emocional
  - Regulación emocional
  - Autonomía emocional
- Habilidades interpersoais (están dirixidas ao resto):
  - Habilidades socioemocionais
  - Habilidades de vida e benestar

### **Competencias**

**Primeira competencia:** a conciencia emocional, que nos permite darnos conta e ser conscientes de:

- O que sentimos.
- Nomea as emocións que sentimos.
- Vocabulario emocional.
- Identificar e ser consciente das emocións doutras persoas.
- Conciencia do propio estado emocional.
- Comprender o significado e as vantaxes ou desvantaxes de cada unha das emocións.

**Segunda competencia:** regulación emocional, que nos permite responder adecuadamente a diferentes situacións emocionalmente intensas (estrés, frustración, fatiga, rabia, debilidade, medo, inseguridade, alegría, ilusión ...)

- Estratexias de regulación emocional: diálogo interno, relaxación, reestruturación cognitiva ...
- Estratexias para o desenvolvemento de emocións positivas.
- Regulación de sentimentos e impulsos.

**Terceira competencia:** autonomía emocional, que nos permite ter confianza en nós mesmos, ter autoestima, pensar positivamente, motivarnos, tomar decisións axeitadamente e asumir a responsabilidade dun xeito relaxado e tranquilo.

- Noción de identidade, coñecemento de si mesmo (autoconcepto).
- Valoración positiva das propias capacidades e limitacións.

**Cuarta competencia:** habilidades socioemocionais. Consiste en ser capaz de manexar cada unha das distintas e variadas situacións sociais co conxunto de emocións positivas e negativas que isto supón. O desenvolvemento desta competencia implica:

- *Escoitar de forma activa e dinámica a outras persoas.* Así, farémolos sentir importantes.
- *Dar e recibir críticas dun xeito construtivo,* o que moitas veces chamamos "*recibir a amarga medicina*".
- *Comprender aos demais e facelos entender.*
- *Sexa asertivo no noso comportamento,* estando disposto a ser honesto e expresar o que pensamos, sentimos e facemos cos demais e o que representan.
- *Afrontar intelixentemente cada un dos conflitos* que temos no noso día a día.
- *Manter boas relacións interpersoais* coas persoas coas que convivimos ou traballamos.
- *Traballar en equipo* e involucrar ás persoas en proxectos e obxectivos.

**Quinta competencia:** habilidades para a vida e o benestar persoal. O obxectivo final ao que aspiran todas as persoas é acadar a felicidade (desde a dimensión emocional, falaríamos de experimentar benestar subxectivo). Trátase de ofrecer recursos que axuden a organizar unha vida sá e equilibrada, superando os posibles obstáculos que a vida pode traer:

- Habilidades de organización (tempo, traballo, tarefas diarias) e desenvolvemento persoal e social.
- Habilidades na vida familiar, escolar e social.
- Actitude positiva e real (a través de plans de acción individuais) cara á vida.

### **Actividades**

As **actividades** realizaranse basicamente de xeito colectivo, en **horario de titoría para a ESO** e a **FP Básica**, aínda que nalgunhas prácticas recoméndase que se traballen individualmente (na maioría dos casos parece apropiado traballar en pequenos grupos, para rematar en grupo-clase). Cada actividade indicará o procedemento do seu desenvolvemento. As actividades que se presentan a continuación distribúense no marco das competencias emocionais.

1. **Evidencia intersesional:** a través das actividades que se detallan a continuación propónse a realización de polo menos unha sesión semanal de intervención dunha hora en cada curso académico (a sesión de titoría semanal podería ser un espazo axeitado porque inclúe a todo o grupo – clase).

2. **Constancia espazo-temporal:** propónse a realización das actividades o mesmo día da semana, á mesma hora e espazo físico adecuado a cada actividade (hora de tutoría).
3. **Constancia das figuras do profesor/a titor/a** que articulan a intervención: é conveniente que o responsable das actividades sexa constante. Propónse ao titor como figura adulta na intervención de cada actividade.
4. **Estrutura ou formato da sesión:** Propónse unha ficha técnica para cada actividade para responder a un guión coñecido e acordado por todos.

### **Cadro de actividades:**

<b>Sensibilización emocional</b>
<b>Comezo a ser consciente das miñas emocións</b>
• As miñas emocións
• Agora sinto ...
• Coñezo as miñas emocións
• Coñecer e nomear emocións
• Ruborízome ...
• Coñezo as emocións do resto
<b>Estou coñecendo as emocións do resto</b>
• Estou só
• E que sentes?
<b>Que cada un acepte as súas gafas</b>
• Ás veces fago o que quero ... e que?
• Síntoo moito
• Sei pedir perdón
<b>Poder usar prexuízos con significado</b>
• Non me gusta que me chamen "friqui", "flipao", etc.
• É así e todos o saben
<b>Regulación emocional</b>
<b>Son consciente da interacción entre emoción, pensamento e comportamento</b>
• Actuamos como pensamos
• Son capaz de expresar as miñas emocións adecuadamente
• Expresión emocional
<b>Aprende a regular as emocións</b>
• Regulo as miñas emocións

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ben ... vouche dicir</li> </ul>
<b>Xestionar situacións creadas por emocións intensas</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relaxémonos respirando</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vou da montaña ao mar</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Veña nenos e nenas, xa queda pouco!</li> </ul>
<b>Ser capaz de crear emocións positivas</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estou ben, estarei ben</li> </ul>
<b>Autonomía emocional</b>
<b>Capacidade de valorarnos</b>
E ti, como me ves?
Porque son o que son
<b>Automotivación</b>
Está a botella medio chea ou medio baleira?
Dime que cara tes e direiche que día tes
<b>Responsabilidades</b>
Nacer, medrar e madurar
Eu son meu, ti es teu
<b>Capacidade para criticar as normas sociais</b>
¡A miña é nova!
<b>Criticar á sociedade</b>
Poder pedir axuda
Un máis un son once
A verdade é que non o xesto mal de todo!
<b>Habilidades socioemocionais</b>
<b>Desenvolvemento da cortesía</b>
Bos días, podo entrar?
Por favor, deixarasme?
<b>Empatía</b>
Enténdoches rapaza! Como non te entendo!
E que pensas?
<b>Aprender a escoitar</b>
Si, dime ... Escoito ti

Intentaremos manter unha conversa, se podemos ...
<b>Asertividade</b>
Son meu, ti es teu, cada un deles é seu
Nin sequera pensalo, non pretendo facelo
<b>Resolución de conflitos</b>
Vostede gaña, eu tamén gaño
O sentido da comprensión mutua: hai algo máis difícil que alguén que non queira escoitar
<b>Habilidades de vida e benestar</b>
<b>Éxito</b>
Para acadar o éxito non é necesario arrastrarse.
O esforzo vén antes do éxito, tamén no dicionario
<b>Obxectivos</b>
Cando sexa maior ...
Tamén é posible conseguir soños
<b>Plan de acción</b>
Vou conseguilo
Quen quere algo, algo cústalle
<b>Benestar subxectivo</b>
Estou feliz
Gasolina libre: benestar subxectivo!
<b>Actividades dinámicas de cohesión grupal</b>
• A tea de araña
• A silueta
• Kitbull, o amigo canino
• Un e un, todo o grupo
<i>Para falar con calma e tranquilidade sobre sentimentos, emocións e experiencias, o grupo debe estar preparado. Para traballar o apoio mutuo e o coidado, o respecto e a solidariedade, é necesario intensificar a conciencia do grupo ata que sinta que forman unha pequena comunidade de aprendizaxe.</i>
<b>Competencias emocionais</b>
• Que sentín?
• Podo facelo Identificación de sentimentos e emocións

<b>Conciencia emocional</b>
• A miña vida cambiou
<b>Autoconcepto, autoconñecemento, motivación e resiliencia.</b>
Regulación emocional
<b>Autonomía emocional</b>
• Podemos pasalo ben
Estratexias adquiridas e habilidades desenvolvidas
Autonomía emocional
<b>Habilidades Sociais</b>
• Solidariedade!
Solidariedade e coidado mutuo
Habilidades para a vida e o benestar
Habilidades Sociais

### Avaliación

A avaliación é unha actividade avaliativa que nos permite determinar ata que punto se alcanzaron os obxectivos. A avaliación debe ser continua e formativa, integrarse no proceso educativo e formar un instrumento de acción pedagóxica. Para iso, debemos avaliar tanto o desenvolvemento das actividades como o produto final.

A avaliación é necesaria para saber se se cumpriron os obxectivos establecidos no deseño do programa. Aínda que pode ser difícil, discutible ou incluso obxectivo, é moi enriquecedor e propón unha mellora continua do programa, xa que permite identificar os puntos fortes e débiles na análise, na execución e no produto do programa.

Para iso propóñense dúas ferramentas:

- O **diario**, no que se describirá todo o que acontece. A través dun rexistro narrativo, o diario recolle os comportamentos que aparecen, os contidos que se expresan e os produtos de cada actividade.
- O **cuestionario** é a ferramenta que ao final de cada actividade ofrécenos unha reflexión sobre o funcionamento do programa, axudándonos a identificar vías de mellora e desenvolvendo novas estratexias de acción ante as dificultades ou situacións observadas.

Tendo en conta o diario de actividades, o cuestionario contén varios indicadores de avaliación que se deben ter en conta en cada actividade e que axudan a avaliar a actividade: grao de pracer, grao de participación, clima grupal, comunicación-escoita e grao de logro. dos obxectivos.



- Grao de pracer: observa que emocións mostran as persoas participantes no grupo cando se realiza a actividade. Valora manifestacións emocionais espontáneas, como risas, expresións faciais, felicidade ...
- Grao de participación: observa se todos os alumnos participan nas actividades en pequenos grupos ou con todo o grupo.
- Clima grupal: observa a expresión emocional dos alumnos. Observa se nas actividades grupais se aprecian respecto, diálogo, coordinación ou comportamentos de resistencia ou agresividade ou incluso pasividade.
- ....

### **Bibliografía**

- CASTAÑER, A. eta DÍAZ, Y.: Manual de actividades que propicien resiliencia, UNICEF, México, 2017. (Adaptada).
- GROU. Bisquerra, R. (Coord.) "Educación Emocional. Programa para la Educación Infantil). Praxis.
- GROU. Bisquerra, R. (Coord.) "Educación Emocional. Programa para la Educación Primaria). Praxis.
- Gobierno Vasco, Departamento de Educación, Universidades e Investigación."Bizitzarako gaitasunak eta balioak. Bizikidetzeta eta tutoretza. Lehen Hezkuntza".
- Inteligencia emocional. Educación Secundaria. Gipuzkoako Foru Aldundia
- Orientación Andújar. <https://www.orientacionandujar.es/>
- PROPUESTA PARA TRABAJAR EL ÁMBITO SOCIO-EMOCIONAL Y LA COHESIÓN GRUPAL: emprendiendo un camino desde lo aprendido.
- PUJOLÀS, P. Y LAGO, J.R. (Coord.): Proyecto PAC: Programa CA/AC ("Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar") para enseñar a aprender en equipo. Universidad de Vic. Vic.
- "Sentir y pensar. Programa de Educación emocional para educación infantil" SM.
- "Sentir y pensar. Programa de Educación emocional para educación primaria (6-8 años)" SM.
- VITORIA TRONCOSO, S. y ETXEBERRIA ZUBELDIA, T.: Inteligencia emocional. Educación primaria. 2º ciclo, Gipuzkoako Foru Aldundia, Donostia, 2008. (Adaptada).
- <https://gipuzkoasolidarioa.wordpress.com/about/>
- <https://www.ocu.org/consumo-familia/consumo-colaborativo/consejos/iniciativasactividades-coronavirus#>

- <https://www.rtve.es/radio/20200401/solidaridad-virus-bueno-iniciativas-solidarias-paraenfrentar-crisis-sanitaria/2010918.shtml>
- <https://www.lavanguardia.com/vida/20200325/4861002519/solidaridad-coronavirusiniciativas-personal-sanitario-pandemia-brl.html>
- <https://www.educo.org/Blog/Ejemplos-de-solidaridad-en-momentos-de-coronavirus>

### 6.3. ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

A orientación académico-profesional é un proceso continuo de axuda ás persoas en todos os ámbitos: persoal, social, educativo e laboral, co fin de potenciar o desenvolvemento integral ao longo de toda a vida. Polo tanto a orientación, ademais de informar aos alumnos sobre os itinerarios educativos, formativos e laborais, debe tamén tratar a problemática individual de aptitudes, intereses e capacidades para favorecer a toma de decisións axeitada.

O DO levará a cabo accións encamiñadas á información sobre itinerarios académico-profesionais e apoio ao alumnado nos momentos críticos, fundamentalmente ao rematar as etapas educativas e ao rematar cada etapa educativa, enmarcadas nunha orientación na aprendizaxe ao longo da vida.

#### **Avaliación de necesidades**

Despois de vistos os documentos xerais de centro e os documentos do D.O. do curso anterior podemos establecer as seguintes necesidades:

- Favorecer o proceso de autoconecemento nos alumnos e alumnas.
- Responder ante os alumnos a cuestións relacionadas coa súa orientación académico-profesional.
- Dar resposta ás inquedanzas das familias.
- Dar a coñecer os recursos formativos e laborais da comarca.
- Colaborar coa administración educativa nas accións encamiñadas a favorecer unha rede integrada de orientación académico-profesional.
- Fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres no momento da TD vocacionais.

#### **Obxectivos**

##### Respecto ao alumnado

- Estimular a toma de conciencia e valoración das propias aptitudes, intereses, motivacións e factores de personalidade e a súa relación con estudos e profesións.
- Espertar actitudes e valores dirixidos á procura de información acerca do sistema educativo e laboral.

- Coñecer a estrutura do sistema educativo: itinerarios formativos, condicións de acceso, titulacións que se acadan...
- Coñecer a oferta da Formación Profesional Ocupacional, as condicións de acceso, e as certificacións que se obteñen, así como a súa vinculación coa FPE.
- Desenvolver habilidades e estratexias para a toma de decisións persoais e vocacionais, sen condicionantes de xénero.

### Respecto ao profesorado

- Asesorar no desenvolvemento da acción orientadora.
- Colaborar na deseño dun currículo relacionado co mundo laboral e co entorno que rodea ao noso centro.
- Dar a coñecer os recursos cos que conta o DO para a orientación académico – profesional, así como os recursos existentes na rede.
- Asesorar na elaboración do Consello Orientador para os alumnos de secundaria.
- Coordinar as accións que se leven a cabo neste ámbito, facilitando e promovendo a actuación doutros axentes orientadores externos (EOE, Universidades, Servizo Galego de Colocación...)

### Respecto ás familias

- Asesorar ás familias sobre os itinerarios educativos e as opcións profesionais.
- Implicar ás familias no proceso orientador, concienciándoas da importancia do mesmo.

### **Contidos**

Os contidos deste ámbito organízanse ao redor de catro núcleos temáticos: o autocoñecemento e a toma de decisións; a oferta formativa; o mundo laboral e o sistema produtivo e a inserción laboral. Cada un destes bloques traballarase con diferente nivel de profundidade nos diversos cursos.

### **Actividades respecto ao alumnado**

As actividades a desenvolver para conseguir os obxectivos propostos van enmarcadas no PAT e desenvolveranse preferentemente ao longo do 2º e 3º trimestre xa que son momentos próximos a toma de decisións, aínda que sen rexeitar o desenvolvemento de actividades puntuais de información académica e profesional.

<b>ESO</b>
------------

#### **1º e 2º curso**

- Actividades de autocoñecemento: habilidades, intereses...
- Coñecemento da estrutura da ESO: características de cada curso, criterios de avaliación e de promoción.

- Charlas sobre a optatividade en 3<sup>o</sup> e saídas despois da ESO.

### 3<sup>o</sup> curso

- Actividades de autoconhecimento.
- Actividades de coñecemento da estrutura do curso que están a cursar.
- Actividades de adestramento en toma de decisións.
- Actividades de información aos alumnos que esgotan as posibilidades de escolarización: probas de acceso aos ciclos formativos, características da FP Básica, FP de grao medio, escolas obradoiro, formación ocupacional, INEM e Servizo Galego de Colocación.

### 4<sup>o</sup> curso

Desenvolvemento do **Programa de Orientación Académica e Profesional**.

## BACHARELATO

**Para todos:** elaboración e entrega aos titores dun dossier de información para cada curso, que quedará para a consulta na aula, no que se achegará información sobre o acceso á universidade, notas de corte, carreiras do SUG, FP, oposicións, acceso á corpos e forzas de seguridade do Estado, listado de enderezos web para buscar información... Este curso intentaremos, se o calendario o permite, facer unha visita a algunha universidade galega, ben a de vigo ou a de santiago.

**1<sup>o</sup> BACH:** sesión informativa sobre as materias do 2<sup>o</sup> curso de BACH, as vías de acceso á universidade e o acceso aos diferentes estudos superiores.

**2<sup>o</sup> BACH:** charla informativa sobre a USC dun profesor do campus de Santiago de Compostela; sesión informativa sobre as PAAU e o acceso á Universidade; xornadas de orientación dirixidas aos pais e aos alumnos sobre a oferta formativa ao rematar o BACH (FP, estudos universitarios e ensinanzas de réxime especial); entrevistas individualizadas cos alumnos que o demanden.

## CICLOS FORMATIVOS E FP BÁSICA

- Actividades de estudo do sistema educativo, estudos e profesións: estudo do sistema educativo e dos plans de estudo; coñecemento das competencias profesionais que se adquiren a través dos distintos módulos; profundización no coñecemento das profesións relacionadas cos estudos que están realizando; posibilidades de continuar estudando.
- Seguimento da inserción laboral dos alumnos de cursos anteriores.
- Información ás titoras, aos profesores de FP Básica e aos alumnos das posibilidades de acadar o título da ESO ou continuar estudos nun CFGM.

### Actividades respecto ao profesorado

- Actividades de asesoramento e facilitación de recursos e materiais para o desenvolvemento da acción orientadora.
- Participación activa nalgunhas sesións de titoría e na elaboración do consello orientador.

### **Actividades respecto ás familias**

- Charlas informativas acerca do ámbito escolar e académico.
- Colaboración en casos particulares cando sexa necesario.
- Asesoramento individualizado.

### **Metodoloxía**

A metodoloxía irá encamiñada a facilitar aprendizaxes funcionais e xeneralizables a outras situacións da vida cotiá e que poidan ser postos en práctica ao longo da súa vida. Intentaremos traballar con situacións de aprendizaxe activa onde o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe.

Traballaremos tamén coordinándonos e colaborando con outros axentes da zona (outros centros educativos e empresas) e co EOE.

### **Recursos**

ORGANIZATIVOS: Empregaremos o tempo fixado para as reunións de departamento, o tempo de reunións cos titores e as reunións da CCP para dinamizar este ámbito, coordinando, facendo o seguimento e aportando materiais para o desenvolvemento das actividades sinaladas.

PERSOAIS: os profesores das distintas áreas dando resposta a cuestións puntuais que lles poidan facer os alumnos sobre os seus estudos e profesións futuras; os titores, nunhos casos facendo o desenvolvemento do plan de orientación académico e profesional e noutros servindo de “ponte” entre o alumnado e o DO; a XE; o DO, deseñando, desenvolvendo, dinamizando e avaliando as actuacións de orientación académica e profesional no centro e recursos externos ao centro como a especialista neste ámbito do EOE, traballadores dalgún sector, etc.

MATERIAIS: para o alumnado de 3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup>ESO se empregará material online elaborado polo departamento e o caderniño de orientación elaborado polo departamento para cada alumno/a, no que se recolle información esencial sobre as opcións académicas, cuestionarios de orientación e actividades para a reflexión. Para o alumnado de bacharelato, material online elaborado polo departamento e cadernos con toda a información relevante sobre estudos universitarios e de formación profesional.

### **Avaliación**

A avaliación do POAP levarase a cabo de xeito continuo, durante todo o proceso de desenvolvemento e ao longo do curso. Tamén ao remate na memoria do DO.

Para a valoración continua empregaranse os seguintes criterios: a valoración realizada polos alumnos de cada actividade e a valoración dos titores e do propio orientador. Ademais, nas reunións semanais do DO e nas reunións cos titores farase un seguimento do plan, corrixindo os posibles desaxustes e modificando o que sexa preciso.

Una vez rematado o curso e ao remate de cada actividade realizarase unha avaliación de carácter final, a partir da cal se decidirá o mantemento, modificación ou eliminación das propostas e actividades do plan, tendo en conta os seguintes criterios: o grao de aceptación e participación da comunidade educativa nas accións orientadoras, o cumprimento das accións previstas, a satisfacción dos destinatarios das mesmas. Comunicaranse os resultados á CCP e en función dos acordos incorporaranse as propostas de mellora á memoria final do DO.

## **PROGRAMA DE MADUREZ VOCACIONAL E ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL**

**Finalidade:** Facilitar o autocoñecemento do alumnado e responder ás necesidades derivadas da elección de optativas e modalidades de BAC. Informar e asesorar a os pais/nais e ao alumnado sobre as distintas opcións académicas e laborais existentes ao rematar ou abandonar os estudos que están a realizar.

### **Obxectivos:**

- Potenciar o coñecemento de si mesmos, mediante a reflexión, o manexo e a integración de información vocacional sobre aqueles aspectos que son básicos cara a súa decisión vocacional.
- Potenciar o coñecemento do entorno socio-laboral.
- Recoñecer as opcións que resultan máis axeitadas a cada quen, tendo en conta as súas propias características e posibilidades.
- Axudar ao alumnado no establecemento de plans persoais e efectivos de acción.
- Axudar ao alumnado a levar a cabo unha toma de decisións que se axuste as súas posibilidades.

**Contidos:** autocoñecemento, coñecemento das opcións e toma de decisións.

### **Secuenciación:**

- Nos cursos de 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> de ESO iníciáanse as actividades de autocoñecemento, que terán relación directa coas materias optativas do centro, abarcando obxectivos e metodoloxía

das materias optativas, a relación cos estudos posteriores e anteriores e a relación coas profesións.

- Nos cursos de 3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> de ESO, BAC, FP Básica e nos ciclos de FPE a información xirará en torno aos seguintes temas: o mundo laboral, as materias troncais e a oferta de optativas de 4<sup>o</sup> de ESO para o alumnado de 3<sup>o</sup>; ciclos de FP de Grao Medio (GM) para 4<sup>o</sup> de ESO e FP Básica; ciclos de FP de Grao Superior (GS) para BAC, e alumnado de ciclos de GM; modalidades de BAC para alumnado de 4<sup>o</sup> de ESO e de Ciclos de GM; acceso a estudos universitarios desde o BAC e Ciclos de GS; outras saídas: FP Básica, escolas obradoiro etc. A partir de 3<sup>o</sup> as actividades de autoconñecemento terán un maior peso específico.

**Temporalización:** as actividades de autoconñecemento levaranse a cabo ao longo de todo o curso, aínda que se priorizará o seu desenvolvemento no 1<sup>o</sup> e no 2<sup>o</sup> trimestre. As actividades de coñecemento das distintas opcións e toma de decisións desenvolveranse durante o 2<sup>o</sup> e 3<sup>o</sup> trimestre do curso, aínda que no 3<sup>o</sup> trimestre cobrará maior relevancia a toma de decisións. Durante o 3<sup>o</sup> trimestre tamén se informará aos pais/nais, en reunións grupais e de xeito individual, nos casos nos que sexa necesario, sobre as distintas opcións que os seus fillos/as teñen segundo o curso que estean a realizar.

**Recursos:**

Materiais: actualmente, a maior parte do material foi elaborado polo departamento de orientación empregando recursos e información de diversas fontes (cuestionarios de orientación, lexislación, recursos da consellería de educación, universidades, CIUG,...).

Persoais: profesorado das distintas áreas; profesorado titor; orientador; profesionais do ámbito educativo e laboral; EOE.

**Criterios e procedementos de avaliación:**

Criterios:

- Grao de satisfacción do alumnado, pais, profesorado.
- Grao de adecuación as necesidades detectadas.
- Grao de satisfacción de necesidades.
- Aplicabilidade e utilidade.

Procedementos e instrumentos: aplicación de cuestionarios de intereses profesioanis e habilidades sociais; estudo e análise dos resultados académicos de cursos anteriores; probas de aptitudes para a posterior autoanálise e autoreflexión sobre as mesmas; entrevistas co alumnado e coas familias; observación das habilidades e interese amosado nas distintas materias.

## **PROGRAMA DE INSERCIÓN AO MUNDO LABORAL**

**Finalidade:** Favorecer a búsqueda de emprego, sobre todo no alumnado que está cursando un ciclo de FP.

### **Obxectivos**

- Utilizar as técnicas de busca de información sobre o emprego.
- Dominio das estratexias de presentación e marketing da propia imaxe.
- Coñecemento e utilización das técnicas de preparación dunha entrevista de traballo, currículum, carta de presentación...
- Coñecemento dos factores non verbais da comunicación.

**Contidos:** técnicas de busca de información sobre o emprego; estratexias de presentación, comunicación, entrevistas...; currículum vitae; habilidades sociais imprescindibles; contratos de traballo e incorporación ao mundo laboral; traballo autónomo, cooperativas, sociedades limitadas, emprego temporal; saúde e hixiene laboral; prevención de riscos.

**Secuenciación:** Ao longo de todo o curso, a través do currículo dos distintos módulos e fundamentalmente desde o de FOL. No caso da FP Básica tamén desde a acción tutorial.

### **Recursos**

- **MATERIAIS:** programas existentes no mercado (EOS, MAD, PLAYOR); revistas especializadas; anuncios sobre ofertas de traballo; prácticas en empresas; ORIPRO; Boletín xove.
- **PERSOAIS:** profesorado, especialmente a profesora que imparte FOL; tutores, orientador; profesionais expertos en saúde e hixiene laboral, en primeiros auxilios en caso de accidentes laborais, en emprego temporal; empresarios do contorno; cruz vermella.

**Criterios e procedementos de avaliación:** a avaliación realizarase a dous niveis. Unha avaliación do alumno realizada por el e/ou polos profesores e a avaliación do propio programa realizada polos alumnos, os profesores e o orientador, que servirá para a retroalimentación do programa.

- **Criterios:**
  - Grao de satisfacción do alumnado, pais, profesorado, empresarios e profesionais implicados.
  - Grao de adecuación das necesidades detectadas.
  - Grao de satisfacción de necesidades.



- Aplicabilidade e utilidade.
- Procedementos e instrumentos: cuestionarios de intereses profesionais e habilidades sociais; cuestionarios que permitan a reflexión e a análise das propias aptitudes; elaboración de currículums; role playing.

### Recursos

Orientación académico-profesional: webgrafía

[www.mec.es](http://www.mec.es)

[www.esadgalicia.es](http://www.esadgalicia.es)

<http://apoegal.blogia.com>

[www.isftic.mepsyd.es/profesores](http://www.isftic.mepsyd.es/profesores)

[www.avanzaentucarrera.com](http://www.avanzaentucarrera.com)

<https://www.youtube.com/watch?v=9qjbxvUj4To>

[www.kekiero.es](http://www.kekiero.es)

<https://www.youtube.com/watch?v=zLJSG8dMVQU>

<http://yaq.es/>

<https://orientaguia.wordpress.com/proyecto-vocacional/>

<http://www.consejoasturiasfp.com/video.php>

[http://www.educastur.princast.es/fp/hola/pil\\_col/perfiles/index.php](http://www.educastur.princast.es/fp/hola/pil_col/perfiles/index.php)

<http://internacional.universia.net>

<http://ciug.cesga.es>

[www.gradomania.com](http://www.gradomania.com)

<http://todofp.es/>

[www.orientaline.com](http://www.orientaline.com)

[www.educarex.es](http://www.educarex.es)

[www.reclutamiento.defensa.gob.es](http://www.reclutamiento.defensa.gob.es)

[www.educaweb.com/esp/servicios/monografico/orientacionprofesional](http://www.educaweb.com/esp/servicios/monografico/orientacionprofesional)

<http://www.educaweb.com/profesiones/>

[http://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice\\_catalogoWeb.html](http://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice_catalogoWeb.html)

[www.guiajuvenil.com/](http://www.guiajuvenil.com/)

<http://ec.europa.eu/eures/home.jsp?lang=es>

[www.oapee.es](http://www.oapee.es)

[www.orientared.com/](http://www.orientared.com/)

[www.trabajando.es](http://www.trabajando.es)

[www.proxectoiles.es/Index.asp?IdT=9](http://www.proxectoiles.es/Index.asp?IdT=9)

[www.nomeparo.eu](http://www.nomeparo.eu)

[www.erasmusworld.com](http://www.erasmusworld.com)

### CRONOGRAMA - ORIENTACIÓN ACADÉMICA-PROFESIONAL

- Planificación do POAP (SETEMBRO – OUTUBRO) Conxuntamente cos titores/as e xefatura de estudos.
- Información da CIUG (2º BAC). PROBAS ABAU.
- Orientación individualizada ós alumnos que o demanden directamente ó DO (TODO O CURSO, PREFERENTEMENTE NO TERCEIRO TRIMESTRE).
- Información CARNETS PROFESIONAIS. (TODO O ANO).
- Charla-coloquio para alumnos de 2º bacharelato: acceso á universidade, formación profesional grao superior...
- Consello orientador para alumnado da ESO

- Disposición de taboleiro de información do DO e na web do instituto para o alumnado e actualización da mesma.
- Información UNIVERSIDADES E IES (TODO O CURSO) Irase colgando no taboleiro do Departamento.
- Información CIUG (ALUMNADO DE BAC. SEGUNDO TRIMESTRE)
- Información tipo Acreditación de Competencias
- Colaboración con entidades do entorno para programas de autoemprego, coñecemento do entorno productivo... (TODO O ANO)
- Entrevistas con pais/nais de alumnos que o demanden (TODO O ANO)
- Orientación profesional na ESO, ciclos formativos, Bacharelato e FP Básica (TERCEIRO TRIMESTRE)
- Visitas didácticas (USC; EMPRESAS...) PREFERENTEMENTE NO SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE.
- ORIENTACION PROFESIONAL E ACADÉMICA A FORMACION PROFESIONAL (FEBREIRO – MARZO)

## 7. CONTRIBUCIÓNS A PROXECTOS DO CENTRO

### AO PROXECTO LECTOR

De forma xeral, participase na sesión de lectura semanal prevista polo plan lector cando coincida coa sesión de titoría de cada grupo. Unha proposta de obxectivos dende o D.O. respecto do proxecto lector do centro é:

- Fomentar o pola lectura a través das sesión de titoría
- Promover o interese cara diversos temas non curriculares
- Incrementar o espírito crítico do alumnado a través de lecturas relacionadas con temas transversais.
- Fomentar a lectura de literatura de non ficción
- Achegar ao alumnado á comprensión audiovisual a través do visionado de documentais, curtametraxes, películas, sobre temas transversais.

Para elo, o departamento fai a seguinte proposta de lecturas e audiovisuais, a maioría das cuais figura nos fondos da biblioteca do centro:

- PASTOR GIMENO, C., MÉNDEZ CARRILLO, F., SEVILLÁ GASCO, J.; Como mellorar o meu comportamento; Nova Galicia Edicións
- LÓPEZ DURÁN, A.; Habilidades Sociais; Nova Galicia Edicións
- BUCETA CANCELA, M.J., FERREIRO VILASANTE, M.C., GABRIELA NEDELCO, D.; Como mellorar a atención; Nova Galicia Edicións
- LOUREIRO SILVA, R.; Como elixir a miña profesión; Nova Galicia Edicións

- BECOÑA IGLESIAS, E.; Redes Sociais; Nova Galicia Edicións.
- RADL PHILIPP, R.; Respecto á igualdade; Nova Galicia Edicións.
- BECOÑA IGLESIAS, E.; Tabaco; Nova Galicia Edicións
- LORENZOO PONTEVEDRA, M.C.; Alcohol; Nova Galicia Edicións
- PEREIRO GÓMEZ, C.; Drogas; Nova Galicia Edicións
- ARMAS CASTRO, M., ARMAS BARBAZÁN, C.M.; Violencia escolar; Nova Galicia Edicións
- HAUGEN, T.; Hasta el verano que viene; El barco de vapor, Ed. SM
- LÓPEZ NARVÁEZ, C.; El tiempo y la promesa; Ed. Bruño
- HAAN, L., STERN, N., Rey y Rey, un cuento en el que los príncipes no se casan con princesas; Ed. Serres
- MANSO, A., Colección Álex y Gandhi; Intermon Oxfam Editorial
- LIENAS, G.; El diario rojo de Carlota; Ed. Destino
- Boys don't cry; KIMBERLY PIERCE; 1999
- Billy Elliot; Stephen Daldry; 2000
- Te doy mis ojos; Icíar Bollain; 2003

Ademáis, ao longo das distintas actividades de titoría danse lecturas de textos ou fragmentos sobre temas diversos que promoven a comprensión e expresión oral e escrita, a reflexión e debate entre o alumnado.

### AO PLAN TIC

Dende o departamento de orientación tentarase sacar aproveitamento da presenza das tecnoloxías da información e comunicación na sociedade e utilizar os seus recursos para mellorar os procesos orientadores e de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Isto tentarase facendo aportacións aos obxectivos e actuacións do plan TIC do centro ao longo dos tres ámbitos de actuación do departamento:

Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Tentaremos colaborar coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Proporcionar novos instrumentos que faciliten a aprendizaxe
- Incrementar o grao de motivación do alumnado cara a aprendizaxe, especialmente de aqueles que presentan necesidades educativas especiais.
- Facilitar os procesos de aprendizaxe, con especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais para o seu acceso ao currículo.
- Diminuír o volume de documentación impresa en papel.

- Fomentar o uso das TIC como recurso educativo.
- Diseñar os nosos propios recursos educativos

Para elo lévanse a cabo actuacións concretas como:

- Asesoramento e promoción do emprego das TIC para o intercambio de información entre o profesorado
- Colaboración co profesorado de apoio e de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe para o emprego de recursos informáticos e tecnolóxicos.
- Asesoramento ao profesorado en xeral sobre o emprego e creación de recursos informáticos para o seu uso nas aulas.
- Emprego de recursos TIC para mellorar a participación do alumnado con necesidades educativas especiais nas actividades do grupo e do centro (realización de traballos, publicacións,...).
- Recursos: O centro conta con recursos persoais e materiais para tales actuacións, tal como profesorado de informática e responsable do proxecto abalar, aulas de informática, pizarras dixitais ou web do centro, así como unha formación permanente e continua do profesorado a este respecto.

Acción tutorial. Tentaremos colaborar coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Apoiar o tratamento dos temas transversais
- Impulsar as TIC como medio de comunicación do centro coa comunidade
- Apoiar os labores de titoría dos pais, establecendo novas formas de contacto entre pais, nais e titores
- Abrir canles de comunicación a través da web do centro.

A través de actuacións como:

- Asesoramento aos titores sobre recursos informáticos para as titorías (información, actividades,...).
- Emprego de recursos como o correo electrónico para as comunicacións coas familias, cos titores e entre titores e profesorado (intercambio de información, solicitude de entrevistas...).
- Difusión da web do centro como vía de acceso á información sobre diversos aspectos do departamento de orientación e a súa labor.

Orientación académico-profesional. Tentaremos colaborar coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Proporcionar instrumentos que faciliten a información do alumnado

- Facilitar información á comunidade educativa sobre convocatorias, bolsas, acceso a estudos, probas...
- Abrir canles de comunicación entre profesorado e alumnado, a través da web do centro.
- Diminuir o volume de documentación impresa en papel.
- Diseñar os nosos propios recursos educativos

Para colaborar con estes obxectivos poderemos empregar a web do centro, na que poderemos colgar todo tipo de información relativa a estudos, convocatorias, bolsas, enlaces web... Tamén dende ela poderemos poñer á disposición do alumnado e das familias diversos recursos informáticos para o a orientación vocacional, tales como cuestionarios ou itinerarios educativos virtuais. Poderemos empregar tamén o taboleiro de anuncios dixital para dar a coñecer información puntuais de relevancia. Por suposto empregaremos tamén recursos informáticos para a realización de actividades diversas co alumnado, en grupo ou individualmente, relativas á orientación académico-profesional.

Recursos: O centro conta con recursos persoais e materiais para tales actuacións, tal como profesorado de informática e responsable do proxecto abalar, aulas de informática, pizarras dixitais ou web do centro, así como unha formación permanente e continua do profesorado a este respecto.

## AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende o departamento de orientación tentaremos contribuir á consecucións seguintes obxectivos do proxecto lingüístico do centro:

- Garantir o dereito ao ensino en galego
- Conseguir que o galego sexa a lingua habitual do centro en todos os ámbitos.
- Incrementar a existencia de actitudes positivas cara o uso e coñecemento da lingua e cultura galega.
- Facer da lingua galega a lingua habitual do centro e promover o seu uso en todos os actos e documentación.

Neste sentido, o departamento de orientación emprega xa o galego de forma habitual como lingua de comunicación co profesorado, alumnado e institucións, do mesmo xeito que tanto a programación e memoria do departamento, así como toda a documentación elaborada é en galego, tanto sexa para pais, profesorado, alumnado, institucións ou inspección educativa. Procúrase tamén que aquel material didáctico ou informativo non elaborado polo departamento e que se pon a disposición da comunidade educativa esté escrito en galego,

aínda que en ocasións, debido á especificidade dalgúns de ditos materiais, isto resulta imposible.

### **AO PLAN DE CONVIVENCIA**

A este respecto indicar que a propia programación do centro conta xa cun programa de convivencia e educación en valores, así como un programa de habilidades sociais, os cuais garanten a colaboración do departamento a este respecto.

### **AO PROGRAMA DE PREVENCIÓN E DETECCIÓN DE DIFICULTADES DA APRENDIZAXE**

#### **XUSTIFICACIÓN**

Segundo a circular 10/2010 os Departamentos de Orientación elaborarán e poñerán en práctica programas de DA entendendo que orientación educativa e a intervención psicopedagógica deben inserirse nas institucións escolares con carácter global; é dicir, que afecten a todos os alumnos, sen menoscabo de que estas intervencións se potencien con determinados alumnos e en momentos concretos. Considerando que unha das funcións dos Departamentos de Orientación nos centros educativos é colaborar co profesorado na pronta detección e intervención ante as dificultades de aprendizaxe, faise necesario organizar e sistematizar a actuación destes profesionais mediante intervencións que potencien a colaboración cos mestres e as familias co obxectivo de garantir actuacións preventivas que eviten intervencións tardías, apresuradas e escasamente sistematizadas, nese caso sería moi difícil dar unha resposta educativa de calidade.

#### **PRINCIPIOS**

- programa debe implementarse na dinámica habitual das aulas e do noso IES.
- Debe ser asumido pola comunidade educativa.
- A aplicación do programa será flexible e deberá adaptarse ás características do IES e dos profesionais.
- Debe promoverse un traballo colaborativo entre orientador, profesores e familias.
- orientador debe promover a participación dos profesores, coordinar o proceso de avaliación, seguimento e modificación do programa, achegar as orientacións e os materiais necesarios para o seu desenvolvemento.

- Entre o orientador e o profesor levarán a cabo as reunións necesarias para desenvolver o programa, compartir información relevante e tomar as decisións máis adecuadas para afrontar as dificultades de aprendizaxe dos alumnos.

## OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

- Previr, identificar e intervir canto antes ante as dificultades de aprendizaxe dos alumnos.
- Coordinar a actuación dos distintos profesionais que interveñen no proceso educativo.
- Favorecer as relacións entre centro e as familias para coordinar esforzos en relación coas posibles dificultades de aprendizaxe.
- Potenciar a coordinación entre os ciclos para mellorar a atención aos alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Utilizar estratexias didácticas eficaces para previr e corrixir as dificultades de aprendizaxe.
- Facilitar a toma de decisións dos profesores encamiñadas a responder ás necesidades educativas dos alumnos.

## **DIFICULTADES DE APRENDIZAXE**

A continuación presentamos algúns das DEA que dende Dpto. Orientación e titoría servirán cando menos para traballar na prevención e intervención destas DEA tanto dende a aula ordinaria como dende a aula de PT: Presentamos as dificultades e as pautas de intervención;

### **Linguaxe:**

- Evita ler ou escribir
- Tendencia a perder información cando le un texto
- Comprensión lectora pobre, dificultade para entender os temas lidos
- Pobreza nas redaccións orais e/ou escritas
- Dificultade para aprender idiomas estranxeiros

### **Matemáticas:**

- Dificultades para entender conceptos abstractos
- Pobre habilidade para aplicar destrezas matemáticas

### **Atención/Organización:**

- Dificultades para organizarse
- Problemas en tarefas de elección múltiple
- Traballo lento en clase e en exames
- Pobreza ao tomar notas

- Pobre capacidade para corrixir o seu traballo

### **Habilidade social:**

- Dificultade para aceptar críticas
- Problemas para negociar
- Dificultades para entender o punto de vista doutras persoas

Concretando devanditas dificultades, podemos atopar as seguintes:

#### 1. Dificultades de lectura

A característica esencial das dificultades de lectura é un rendemento baixo, xa sexa en recoñecemento de palabras, velocidade ou comprensión lectora, respecto do esperado.

#### 2. Dificultades na expresión escrita

Comprenden as dificultades na escritura correcta das palabras e na elaboración de frases e parágrafos para compor un texto. Adoitan ir asociadas con dislalias funcionais ou con dificultades na lectura.

#### 3. Dificultades aritméticas

Caracterízanse por un rendemento no cálculo ou o razoamento matemático por baixo do esperado. En xeral, son alumnos e alumnas que teñen unhas puntuacións media en lectura e na escritura pero as aritméticas están polo menos dous anos por baixo daquelas.

Para atender á diversidade, e con carácter xeral, existen varias medidas. Vexamos algunhas delas:

- Agrupamientos flexibles para a atención ao alumnado nun grupo específico. Esta medida terá un carácter temporal e aberto e facilitará a integración do alumnado no seu grupo ordinario.
- Apoio en grupos ordinarios. A profesora de pedagogía terapéutica entrará no aula co profesor titular reforzará preferentemente as aprendizaxes instrumentais básicos daquel alumnado que presente un importante desfasamento no seu nivel de aprendizaxe nas áreas ou materias de Lingua castelá e Literatura e de Matemáticas preferentemente.
- Desdobramentos de grupos, primeiro ciclo, nas áreas e materias instrumentais, coa finalidade de reforzar o seu ensino.
- Tamén se poden empregar medidas de carácter específico para a educación secundaria obrigatoria, que poden ser as seguintes:



- Oferta de materias optativas propias. Terán un carácter práctico ou aplicado e poderán contemplar unha duración diferente á anual.

## AO PROGRAMA DE REFORZO

### LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN:

### DIFICULTADES LECTOESCRITORAS. Traballaremos os seguintes aspectos:

#### **Manifestacións das dificultades lectoras:**

- Dificultades na linguaxe oral: retraso na fala, na pronuncia de palabras, de vocabulario, ...
- Dificultades na lectura: aprendizaxe lector, no deletreo, no recordo de sons, ...
- Dificultade na linguaxe escrita: escrita desorganizada, copia con dificultade, ...
- Dificultade nas matemáticas: dificultade para contar, para memorizar conceptos, vocabulario matemático pobre, ...

#### **Principais erros:**

- Erros da exactitude lectora: adicións, inversións, omisións, ...
- Erros na escrita: grafías repetidas, contaminacións, omisións, inversión, ...
- Erros na velocidade lectora: silabeo, non puntuación, vocalización, regresión, ...
- Dificultades na comprensión lectora: recoñecer o significado das palabras, de memoria, de atención, de resumo, de percepción analítica, ...

#### **Avaliación das dificultades lectoras:**

Probas específicas

Probas informais

Probas pedagóxicas

#### **Exercicios e actividades de reforzo educativo**

- De exactitude lectoescritora
- Na inversión de letras e sílabas
- Na separación de palabras
- Na conciencia fonolóxica
- De velocidade lectora
- De comprensión lectora

**DIFICULTADES NO CÁLCULO.** Traballaremos os seguintes aspectos:**Principais erros:**

- Erros de números
- Erros de seriación.
- Erros de operación básicas
- Erros de problemas (de comprensión)
- Erros de memorización.
- Erros de signos operativos.
- Erros de representacións gráficas
- Erros de abstracción
- Erros de cálculo mental

**Avaliación das dificultades do cálculo.** Dende o Departamento realizaremos as seguintes probas: dende test ata probas psicopedagógicas de aprendizaxes instrumentais. Indicadores:

- Conceptos básicos
- Numeración
- Cálculo operatorio
- Resolución de problemas
- Contidos topolóxicos e xeométricos
- Medidas

**a. Actividades de reforzo educativo,** centradas en:

1. Entrenamento de conceptos básicos
2. Números e seriacións
3. Operación básicas
4. Xeometría
5. Resolución de problemas: comprensión, execución, revisión, ...
6. Cálculo mental
7. Memorización
8. Signos operativos
9. Reversibilidade
10. Razoamento lóxico e numérico

**DIFICULTADES NA ESCRITA.** Traballaremos os seguintes aspectos.

- Aspectos grafomotrices: linealidade, separacións, tamaño, ...
- Problemas de percepción

- Control motriz
- Lateralidade
- Déficits de memoria e atención
- Control postural
- Pautas de escrita
- Factores dispedagóxicos
- Déficits de prensión e presión

...

#### Tipos de **DISGRAFÍAS**:

- Escritura rixida
- Escritura débil
- Escritura impulsiva
- Escritura lenta
- Desorde motriz

...

**Avaliación das disgrafías:** Dende escalas de escritura, probas psicopedagóxicas e pedagóxicas (grafismo, orientación, tamaño, unións, inclinacións, actitudes, velocidade, ...)

#### **Exercicios para correxir/intervir sobre os erros da escrita:**

- ❖ Preventivos (movementos de dedos, de mans, de brazos, ...)
- ❖ Entrenamento da escrita
- ❖ Exercicios correctivos: maiúsculas e minúsculas, trazo de curvaturas, separación de palabras, ...
- Estratexias de autocontrol: autorregulación do seu propio comportamento de forma autónomo e responsable.

### Apoio a procesos de ensino e aprendizaxe

Nel serán incluídos no bloque apoio aos procesos de ensino e aprendizaxe todos aqueles programas e accións ás que se dirixe a mellora da aprendizaxe e resultados académicos, contribuíndo a cada un deles o alumno desenvolverá ao máximo o seu potencial. Para iso, serán deseñados e aplicadas accións dirixidas ao desenvolvemento:

- Da competencia en comunicación lingüística, con énfase especial na adquisición do hábito de lectura e o desenvolvemento dos procesos de comprensión lectora.
- Programas específicos para a mellora do resto de competencias clave.
- Mellora da motivación e reforzo do interese.
- Apoio a hábitos de aprendizaxe e técnicas de traballo Intelectual. Desenvolvemento de habilidades para a xestión persoal
- Exploración dos seus intereses, coñecemento do sistema educativo e achegamento ao mundo de profesións e a FP de grao Medio.

### CONCRETARASE TODO EN:

- Análise das expectativas escolares e profesionais.
- Toma de decisións
- Establecemento de Compromisos.
- Emprego e iniciativa persoal.
- Técnicas de busca de emprego.

### **ASPECTOS METODOLÓXICOS.**

Nestas ensinanzas, as seguintes metodoloxías son de gran importancia:

- Atención máis individualizada. Se a persoalización da docencia é importante en calquera corpo de estudante, con este tipo de situacións persoais. Os estudantes gañan aínda máis relevancia. Para iso é necesario o avance do éxito escolar personaliza o ensino respectando o teu ritmo de aprendizaxe e as súas necesidades específicas adestramento.

- Responsabilidade. É importante que estes alumnos aprenda a asumir as súas accións. É necesario que os axudemos a establecer consenso en límites e normas. A nivel de grupo será necesario para promover o traballo do equipo e da responsabilidades. Un nivel de establecemento individual do compromiso é importante, así como a revisión semanal deses compromisos, isto permitirá autonomía e a afirmación do alumno, a promoción da responsabilidade e reforzo da consecución dos establecidos así como a motivación intrínseca.
- Reforzo positivo. A baixa motivación e autoestima do grupo e algo usual. Polo que o uso de reforzos positivos tanto individuais como grupais. Este ten como obxectivo romper o círculo vicioso da súa historia de fracasos e discriminación da obtención de beneficios derivado do cambio de comportamento que á súa vez provocan unha confianza positiva no cambio nos estudantes. Vista integral da persoa. Ten que ter en conta e abordar todas as dimensións e facetas dos alumnos: biolóxicos, psicolóxico, social, cultural, ético-moral e espiritual para lograr un desenvolvemento equilibrado da súa personalidade.
- Desenvolvemento de traballo cooperativo. O traballo cooperativo mellora non só as relacións intergrupo e de cohesión grupal, pero tamén é altamente efectivo para o rendemento académico de todos os alumnos. A través do traballo cooperativa ademais de promover a aprendizaxe entre eles mesmos tamén permite o desenvolvemento e implementación de habilidades e interpersoal do traballo en equipo, aspectos necesarios no proceso educativo e madurativo deste tipo de alumnos.
- Comunicación. A fluída comunicación entre os distintos axentes implicados no proceso de grupo de ensino-aprendizaxe: titor, orientación, familia, equipo docente, estudantes. Será necesario establecer canles e mecanismos de comunicación entre todos os membros da comunidade, a educación como un elemento esencial para a promoción e a información recíproca e participación .
- Participación. Promoción da participación activa dos alumnos: colaboran, pensan, etc ... Trátase de involucrar os alumnos, para introducir neles a educación propia e o seu proxecto persoal, facelos protagonistas activos da súa actividade, ou á súa vez permite desenvolver un sentimento de pertenza ao centro e á súa comunidade, como aspectos necesarios para a confianza no cambio da traxectoria educativa destes alumnos e estudantes.



- Partindo dos intereses dos estudantes. Serán tidos en conta ao abordar as diferenzas. Nestas actividades os intereses do grupo: a partir de temas e temas próximos aos que eles ven como algo útil para a súa vida diaria. Como principio fundamental para a aprendizaxe ser significativo e funcional será necesario para conectarse co que o estudante está máis familiarizado e á súa vez con aqueles aspectos que espertan o teu interese e curiosidade, este último como elemento básico para aumentar a súa motivación para actividades académicas.

## COORDINACIÓN

A figura do titor e do Departamento de Orientación, conxuntamente con Xefatura de Estudos, como órganos de coordinación docente co profesores do grupo contemplada na lexislación vixente, ten como principal misión neste ámbito de competencia para asegurar que todos os profesores tomen en conta as necesidades específicas dos alumnos que compoñen o grupo. Para iso, baseado no coñecemento das condicións, aspectos sociais, educativos e persoais dos estudantes e da evolución académica nos diferentes ámbitos, o titor pode propoñer aos profesores do grupo a adopción coordinada de medidas educativas para atender as necesidades que xorden para que os alumnos perciban coherencia no desempeño do traballo dos profesores e na práctica docente dela.

## ATENCIÓN INDIVIDUAL A ESTUDANTES

- a. Para facilitar o seguimento personalizado da evolución académica e persoal dos alumnos, os titores poderán realizar entrevistas individuais, especialmente nos casos de alumnos que precisan unha orientación especial.
- b. Os alumnos que corren risco de non alcanzar os obxectivos do curso tendo en conta o seu rendemento académico, que poidan atopar problemas de adaptación escolar ao comezo ou que teñen dificultades especiais para tomar unha decisión sobre o seu futuro académico e profesional Serán obxecto de atención preferente.
- c. Para a atención e os consellos individuais para os alumnos, os titores poderán contar coa colaboración do Departamento de Orientación.
- d. No asesoramento individual, preferirase un enfoque non directivo, facilitando que o alumno tome as súas propias decisións e adopte os seus compromisos.

## COMUNICACIÓN CON FAMILIAS

1. No mes de setembro, o titor realizará unha reunión informativa a nivel individual cos pais dos alumnos do seu grupo.
2. O titor/a terá unha hora por semana para asistir individualmente ás familias para escoitar as súas demandas, intercambiar información sobre aspectos relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe e promover a colaboración dos pais.
3. O titor facilitará, se é o caso, as entrevistas que os pais desexen manter cos profesores do grupo, poñendo en contacto aos interesados.
4. O titor informará aos pais o inicio de cada mes sobre a falta de asistencia e, en calquera momento, sobre as situacións de non asistencia e abandono que poden ocorrer ao longo do curso e buscarán a súa colaboración na adopción de medidas correctoras.
5. Tamén manterán unha comunicación fluida cos pais dos alumnos con poucas posibilidades de superar o curso para informarlles sobre as opcións académicas dispoñibles.
6. A cooperación dos pais co centro na tarefa educativa será un obxectivo para promover por todos os profesores, a través do intercambio de información e a busca de compromisos mutuos.
7. O titor/a informará da evolución do alumnado en situacións de risco a Inspección e aos EOE de Pontevedra, se fóra o caso. Mantendo unha coordinación fluída con estes órganos.

### **LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS**

1. Orientar o alumno nas súas posibilidades académicas e profesionais.
2. Detección e tratamento máis personalizado das dificultades do estudo.
3. Técnicas de traballo intelectual: realizar exames, monografías, tomar notas ...
4. Educación en valores a través do cine.
5. Programas de Intelixencia Emocional e Habilidades Sociais.
6. Cuestións transversais: consumo de drogas e alcohol, prevención de embarazos....
7. Programa específico de orientación académica e profesional.

### **AVALIACIÓN**

Calquera planificación que teña lugar no contexto educativo, incluído o da acción titorial, debe incluír os procedementos para a avaliación, tanto dos aprendizaxes alcanzado polos alumnos, así como a propia práctica docente.

Así, na avaliación da acción titorial pódese considerar o seguinte orientacións:

- Grao de realización dos obxectivos e aspectos propostos que influíron no metodoloxía, na preparación da programación e nos materiais e recursos

materiais utilizados.

- Grado de cumprimento do calendario esperado.
- Nivel de satisfacción do alumno.
- Grao de eficacia da dinámica e organización das actividades de tutoría.
- Grao de implicación de familias e profesores.
- Nivel e clima de relación grupal.
- Grado de mellora na madurez profesional dos alumnos.

# PLAN DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA

## 1. INTRODUCCIÓN

Unha intervención organizada é primordial para conseguir uns resultados satisfactorios no proceso educativo do alumnado. Por este motivo, realizar unha programación ou plan de apoio axustado ás características do alumnado ao que vai destinado, pódese considerar como sinónimo dunha educación inclusiva e de calidade. Este aspecto cobra gran importancia na aula de apoio, onde o alumnado que asiste á mesma presenta unhas características individuais moi peculiares, facendo necesaria unha intervención axustada ás mesmas, conseguindo superar así as dificultades que poidan presentarse e dando unha resposta axustada ás súas necesidades.

Por todo isto, a nosa función como mestras de apoio é dar unha resposta o mais axustada posible ás características que presenta o alumnado partindo dos principios de individualización, normalización e inclusión. Tamén ten gran importancia a colaboración e coordinación con todos os profesionais que forman parte do equipo de orientación, co EOE, co profesorado, coas familias, e, por suposto, a actuación directa co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa é un instituto de educación secundaria obrigatoria de titularidade pública situado no concello de Lalín (Pontevedra), máis concretamente no ámbito urbano da vila.

As etapas educativas que se imparten neste centro son a educación secundaria obrigatoria (ESO), o bacharelato e a formación profesional (básica, media e superior). A maiores, o centro está adscrito á Escola Oficial de Idiomas.

O horario lectivo é de 8.30 /8.45 – 14.40/14.30 de luns a venres.

Parte do alumnado deste centro emprega os servizos de transporte escolar e comedor (os mércores); este último situado nun centro educativo próximo.

En canto ás familias do alumnado que acode ao centro, débese ter en conta que posúen un nivel medio tanto económico como sociocultural. As relacións entre as familias e o centro educativo son, en xeral, satisfactorias.

É importante ter en conta que este centro conta con dúas aulas de apoio empregadas polas dúas especialistas de pedagogía terapéutica e pola especialista de audición e linguaxe.

## 3. OBXECTIVOS

A continuación detállanse os obxectivos xerais de aula, así como os dirixidos a atención do alumnado. Estes poden ir variando dependendo das necesidades que poidan ir aparecendo.

Partirase dunha análise individual do alumnado, tendo en conta que queden satisfeitas as súas necesidades nun marco o máis normalizado posible.

Da análise das funcións como mestras de Pedagogía Terapéutica do centro, extraemos os seguintes obxectivos:

- Colaborar co profesorado no deseño, aplicación e seguimento da adaptación das programacións.
- Colaborar no deseño e aplicación das adaptacións curriculares individualizadas do alumnado atendido.
- Colaborar na selección, elaboración e adaptación do material didáctico, tanto de uso ordinario como daquel máis específico, e optimizar os recursos existentes.
- Asesorar ao profesorado sobre estratexias metodolóxicas específicas, de actuación e prevención das NEAE.
- Asesorar a todos os profesionais da comunidade educativa en aspectos relativos a atención a diversidade.
- Participar na resolución de conflitos entre o alumnado, procurando a educación en valores e respecto.
- Identificar ao alumnado con NEAE dun xeito temperá.
- Diseñar propostas educativas dirixidas á consecución das competencias clave e proporcionar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social que contribúa á personalización da educación.
- Establecer canles de colaboración entre os diversos profesionais que interveñen co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a comprensión e participación por parte da familia das medidas adoptadas cos seus fillos/as.

Ademais destes obxectivos xerais tamén se propoñen uns obxectivos a nivel curricular que se adecuarán de forma individualizada ás características e necesidades que presente o

alumnado mediante os correspondentes programas específicos de intervención. Entre eles destacan os seguintes:

- Mellorar as habilidades cognitivas básicas e de razoamento a través da adquisición de estratexias metacognitivas (memoria, atención, percepción) aplicadas ás actividades.
- Estimular a capacidade de expresión e comprensión oral de forma axustada ás situacións de comunicación habituais, desenvolvendo o seu vocabulario e estruturas morfosintácticas.
- Consolidar as capacidades de expresión e comprensión escrita, superando as dificultades no proceso lectoescritor e mellorando a exactitude, comprensión e velocidade lectora.
- Reforzar a comprensión e utilización funcional dos conceptos numéricos básicos, as magnitudes e as operacións básicas, aplicándoas á resolución de problemas cotiáns, partindo da experiencia directa e da representación da realidade.
- Favorecer o desenvolvemento da capacidade de actuar de xeito cada vez máis autónomo nas súas actividades habituais, reais ou simuladas.
- Desenvolver as habilidades de observación e exploración do entorno.
- Desenvolver as habilidades de relación e interacción social, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de participación, axuda e colaboración.
- Respectar o currículo ordinario, mediante programacións adaptadas aos niveis de competencia e aos intereses.
- Dispoñer de apoio individualizado a través de actuacións específicas, que permitan ao alumnado acceder con maior autonomía ás aprendizaxes curriculares.
- Favorecer a xeneralización das aprendizaxes a contextos significativos.
- Reforzar as áreas instrumentais: primar a expresión e a comprensión oral. Primar a comprensión lectora e a expresión escrita. Interiorizar os conceptos básicos esenciais implicados no desenvolvemento lóxico matemático.
- Desenvolver estratexias de control da propia conduta, así como favorecer a relaxación.
- Desenvolver un coñecemento positivo dun mesmo, motivación e autoestima.

- Favorecer o desenvolvemento e adquisición dos elementos básicos da psicomotricidade humana: coordinación, lateralidade, esquema corporal, etc...
- Facer partícipe ao alumnado con NEAE, no maior grado posible, da vida do centro, animándoo a participar nas actividades organizadas.
- Reforzo das diferentes competencias clave.

#### 4. CONTRIBUCIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Os obxectivos recollidos neste plan de apoio contribúen a desenvolver as seguintes competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL)** : está relacionada coa comprensión e expresión oral e escrita. Como profesorado de apoio este será un dos nosos principais obxectivos.
- **Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**: traballaremos co noso alumnado a organización, comprensión e interpretación da información así como a expresión matemática oral e escrita.
- **Competencia dixital (CD)** : utilizaremos as TIC para dotar ao noso alumnado dun medio de comunicación funcional e facer accesibles contidos e experiencias que doutro xeito non sería posible. Esta competencia adquire unha gran importancia no caso de que se suspenda a actividade lectiva temporalmente.
- **Competencia social e cívica (CSC)** : garantir a comprensión do mundo por parte do noso alumnado e desenvolver habilidades sociais e de convivencia.
- **Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC)**: a creatividade e a participación do noso alumnado en manifestacións culturais debe ser un feito ó que non debemos renunciar.
- **Competencia de aprender a aprender (CAA)** : o esforzo, a motivación e o hábito de traballo son aspectos inherentes a calquera programa de intervención que en todo momento debemos ter presentes.
- **Competencia de sentido da iniciativa persoal e espírito emprendedor (CSIEE)**: a iniciativa e a creatividade así como a propia realización de proxectos serán outros dos eixes que teremos en conta.



## 5. INTERVENCIÓN DAS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Á hora de organizar as sesións de PT séguense os seguintes criterios:

- Teranse en conta as orientacións do EOE, do orientador do centro, os informes de avaliación psicopedagóxica e dos ditames de escolarización, no referente ás estimacións de horas de apoio semanais que recibirá o alumnado.
- Os horarios dos grupos-clase onde está integrado o alumnado con NEAE serán un dos referentes para confeccionar o horario de PT, xa que as sesións de apoio levaranse a cabo durante as sesións das áreas instrumentais.
- Este horario será flexible en función das actividades complementarias que se realicen, e en función dos resultados do seguimento do proceso de E-A do alumnado (cambios significativos na evolución dos xa atendidos e inclusión de novo alumnado avaliado psicopedagógicamente durante o curso).

Esta programación será aplicada para un curso académico con sesións de 50 minutos os martes, xoves e venres e de 45 minutos os luns e mércores. Promoverase un clima de traballo relaxado, variando as actividades para evitar a monotonía e realizándoas de forma lúdica sempre que sexa posible.

## 6. ACTIVIDADES

Levaranse a cabo actividades que contribúan á consecución dos obxectivos propostos anteriormente para todo o alumnado, facendo especial mención os Alumnos/as Con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, así como aos seus ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións socioculturais.

Por outra banda, a temporalización e secuenciación das actividades irá en función da capacidade de concentración, nivel de compromiso coa tarefa ou de fatiga de cada alumno/a.

Podemos clasificalas da seguinte forma:

- Actividades de motivación e/ou rutinas: teñen o obxectivo de introducir ao alumnado na sesión, á vez que se traballan os procesos psicolóxicos básicos (atención, memoria e percepción), as habilidades sociais e o proceso lectoescritor, entre outros.
- Actividades de desenvolvemento: secuenciadas seguindo unha progresión básica (cos sentidos, cos obxectos, no plano gráfico...). Deste xeito permítenos pasar de actividades cun nivel menor de dificultade, a aquelas que requiran unha gran concentración e maior nivel de abstracción.

- Actividades de xeneralización e/ou avaliación: nas que o alumnado debe poñer en práctica o traballado e que nos servirán para determinar o grado de adquisición dos obxectivos e orientadas ao alumnado, ao equipo docente e á familia.

En xeral, as actividades orientadas ao alumnado son:

- Exercicios para o traballo das capacidades básicas: atención, memoria, percepción, discriminación visual...
- Exercicios motores que favorezan a motricidade tanto fina como grosa.
- Exercicios para a adquisición dun método lectoescritor eficaz que permita aos alumnos/as acceder a diferentes tipos de mensaxes.
- Exercicios de lectura comprensiva que favorezan a comprensión daquilo que len, sendo así máis autónomos tanto na realización doutras tarefas escolares, como na vida diaria.
- Exercicios para favorecer a redacción de feitos, estados de ánimo, relatos...
- Exercicios léxicos-semánticos, que fomenten o aumento do vocabulario, o coñecemento de campos ou categorías semánticas, a formación de familias léxicas, así como a comprensión de ordes ou narracións.
- Exercicios para o coñecemento e afianzamento de regras ortográficas, atendendo ao nivel madurativo de cada alumno/a.
- Exercicios para fomentar un discurso oral coherente.
- Exercicios sobre os números (tipos, valores...).
- Exercicios sobre magnitudes e medidas.
- Exercicios sobre operacións que axuden aos alumnos/as a resolver problemas de diversa índole, atendendo ao seu nivel.
- Exercicios de resolución de problemas que poden axudar ao alumnado a ser máis independente na súa vida diaria.
- Exercicios que favorezan a autonomía do alumnado no contexto social e xestión emocional como poden ser o roleplaying, a representacións de situacións cotiás...

A través das actividades-tipo preténdese que o alumnado consiga alcanzar os obxectivos establecidos para eles tendo en conta a etapa e o nivel educativo no que se atopen, así como as súas características propias. Algunhas das actividades-tipo que se levarán a cabo durante este curso son:

- Área das linguas: lectura de textos sinxelos, contestar a cuestións sobre un texto, realizar narracións, realizar descricións de compañeiros e lugares, completar frases e textos, sinalar os distintos tipos de oracións, escribir antónimos e sinónimos, colocar puntos onde corresponda nun texto, escribir en cartolina regras da b e da v, xogo de problemas verbal: Que farías se... ? Por que ....?, absurdos verbais, series de razoamento lóxico, relacionar con frechas, buscar palabras no dicionario, facer ditados, copiados, sinalar as palabras agudas, graves e esdrúxulas, ordenar alfabeticamente palabras, ordenar palabras para que formen oracións, memorizar un poema, identificar os nomes propios e comúns nun texto, escribir oracións afirmativas, interrogativas, negativas e exclamativas, colocar os signos de exclamación e interrogación, aprender e recitar panxoliñas, realizar unha entrevista a un profesor do colexio, facer un debuxo co que che suxira unha lectura ou poema, escribir o singular e o plural de palabras, escribir o feminino e o masculino dalgúns nomes, sinalar os adxectivos nun texto, escribir unha historia vendo uns debuxos, escribir oracións con diminutivos, describir un obxecto, lugar, acontecemento..., escribir o final dun conto ou historia, resolver adiviñas, sopas de letras..., actividades para mellorar a atención e a concentración (identificar letras dentro dun conxunto, formar cun grupo de letras as palabras máis longas, localizar palabras sinónimas nunha táboa, atopar palabras intrusas, etc.).
- Área de matemáticas: escribir o signo maior ou menor segundo corresponda, escribir os números romanos, realización das operacións básicas (sumas, restas, multiplicacións e divisións), resolucións de problemas matemáticos adaptados a cada alumno/a, realización de actividades sobre medidas e magnitudes relacionadas coa vida cotiá, actividades para mellorar a atención e a concentración (completar figuras fixándose nun modelo, sinalar con X operacións incorrectas, sinalar elementos que non pertencen á serie...), series de razoamento lóxico-matemático, xogos matemáticos en internet, etc.

## 7. METODOLOXÍA

Aínda que a resposta educativa debe estar axustada ás necesidades de cada alumno/a concreto, esta debe responder a uns principios xerais de intervención. Neste sentido, a nosa intervención como mestras de pedagogía terapéutica rexeráse polos seguintes principios:

- Fundamentarse nos principios de normalización, inclusión, individualización e compensación educativa, favorecendo as contornas menos restritivas e desenvolvendo adaptacións curriculares da menor significatividade posible.
- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado (competencia cognitiva).
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e funcionais.
- Favorecer a modificación de esquemas de coñecemento (a través dos procesos de acomodación, asimilación e equilibrio).
- Favorecer a actividade do alumno/a: consiste en establecer relacións ricas entre o novo contido e os esquemas de coñecemento xa existentes. O alumno é quen modifica e coordina os seus esquemas.
- Centrarse na zona de desenvolvemento próximo: hai que distinguir entre o que o alumno é capaz de facer e aprender por si só e o que é capaz de facer e aprender con axuda doutras persoas.
- Favorecer a aprendizaxe sen erro, á vez que reforzar sempre que sexa posible os logros do alumno/a.
- Potenciar modalidades de traballo na aula que faciliten o traballo cooperativo.
- Utilizar todas as canles sensoriais funcionais para a entrada de información.

Trátase dunha metodoloxía activa, participativa e motivadora, na que o alumno/a será o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, teranse en conta algunhas técnicas de modificación de conduta, tales como o Principio de Premack ou o sistema de economía de fichas, que se empregarán cando o obxectivo sexa incrementar e/ou manter condutas adecuadas no discente.

A educación en valores (respecto, solidariedade, tolerancia, etc.) estará presente en todo momento para mellorar o clima e as relacións entre os alumnos/as. As explicacións do profesor faranse de xeito grupal e individual, dependendo do tipo de actividade e das necesidades do alumno/a.

## **8. RECURSOS**

Destacan os seguintes:

- Recursos materiais: material didáctico que traballe de forma concreta os obxectivos suscitados, manuais para o traballo da lectoescritura e as matemáticas para atender á diversidade.
  - Material manipulativo que facilite a construción de palabras, frases...
  - Material escolar (lapis, papel, caderno, pegamento...).
  - Pictogramas no caso do alumnado que o precise.
  - Libros de consulta.
- Recursos humanos: estes poden ser internos ao centro ou externos:
  - Internos: profesorado, titores/as, orientador, mestres/as de Audición e linguaxe...
  - Externos: EOE, institucións e asociacións de diversa índole, logopedas privados, gabinetes psicolóxicos, as familias...

## 9. AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado realizarase en tres momentos:

- Avaliación inicial: partiremos sempre da avaliación psicopedagóxica do alumno. Como mestra de P.T., antes da nosa actuación deberase realizar unha avaliación inicial do alumno.
- Avaliación continua: infórmanos sobre a evolución do alumno, o grao de consecución dos obxectivos e os contidos planificados e a eficacia dos procedementos de intervención utilizados de forma continua. Este tipo de avaliación, permítenos ir introducindo modificacións nos elementos da programación ao longo da intervención, en función dos resultados da mesma.
- Avaliación Final: servirá para redactar o informe final no que se especificarán os aspectos traballados co alumno, conseguidos e non conseguidos, así como as orientacións para o profesorado ou familia.

En canto aos instrumentos de avaliación é importante ter en conta que existen múltiples opcións. Dentro destas destacan, sobre todo, a observación sistemática e o rexistro diario de todas as actividades que se van realizando, así como as dificultades atopadas. En caso de suspensión da actividade presencial, o rexistro terá unha gran importancia posto que se

recollerá o desempeño dos discentes á hora de realizar as diferentes actividades e o grao de consecución dos obxectivos marcados.

No caso de que un alumno ou alumna non estea diagnosticado pero, sexan detectadas dificultades ou alteracións na comunicación, linguaxe ou fala, levarase a cabo o seguinte proceso:

- Demanda de avaliación por parte do profesorado, que debe ser comentada á familia e autorizada.
- Descrición por parte dos docentes dos problemas ou dificultades que se observan no discente, aportando toda a información relacionada co caso.
- Aplicación de probas.
- Análise das dificultades, conclusión e determinación da necesidade ou non de intervención e en que ámbitos debe realizarse.
- Devolución da información ao titor e á familia, incluíndoas orientacións que se consideran oportunas.
- Establecer un programa de intervención.

## **10. AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN**

A avaliación desta programación realízase de forma continua durante todo o curso, a través das diferentes reunións dos órganos de coordinación docente. Os criterios que se terán en conta son a adecuación de medidas para responder ás necesidades do alumnado. Para este fin, analizaremos coidadosamente o funcionamento das medidas organizativas desenvolvidas no centro, valorando o progreso do alumnado, a adecuación dos criterios de selección do mesmo a estas medidas e as propias programacións didácticas do profesorado. Teranse en conta tamén a adecuación das medidas curriculares.

## Horarios profesorado PT e A.T.E

### CURSO 2023 – 2024

PT	Apelidos e Nome	MARIA DEL CARMEN VALDÉS ABELEDO				
Hora	LUNS	MARTES	Hora	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.30 – 9.20			8.45 – 9.35	AULA PT 2º ESO A		AULA PT APOIO AULA
9.20 -10.10	AULA PT APOIO AULA	AULA PT APOIO AULA	9.35 -10.25	AULA PT 1º ESO B	AULA PT 1º ESO C	AULA PT 2º ESO B
			<b>GARDA RECRO</b>			
10.10 – 11.00	AULA PT 2º A ESO	AULA PT APOIO AULA	10.45 – 11.35	AULA PT 1º ESO A	AULA PT 2º ESO B	
<b>RECRO</b>			11.35 – 12.25	AULA PT 2º ESO B	GARDA	
			<b>RECRO</b>			
11.10 – 12.00	AULA PT 1º A ESO	AULA PT 1º ESO D	12.50 – 13.40	AULA PT APOIO AULA	AULA PT 2º ESO A	
12.00 – 12.50	AULA PT 1º ESO D	AULA PT 2º ESO B	13.40 – 14.30	AF		
<b>RECRO</b>						
13.00 – 13.50	AULA PT 1º ESO C	AULA PT 1º ESO C	13.40 – 14.30			
13.50 – 14.40						

<b>ATE</b>	<b>Apellidos e Nome</b>	<b>MARTA FIDALGO LÓPEZ</b>
------------	-------------------------	----------------------------

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	HORAS	XOVES	VENRES
8.30 – 9.20	Acompañamento na entrada. Axuda rutinas SISTEMAS OPERATIVOS	Acompañamento na entrada. Axuda rutinas REDES LOCAIS	Acompañamento na entrada. Axuda rutinas REDES LOCAIS	8.45 – 9.35	Acompañamento na entrada. Axuda rutinas APLICACIONES OFIMÁTICAS	Acompañamento na entrada. Axuda rutinas ITINERARIO EMPREGO
9.20 – 10.10	APLICACIONES OFIMÁTICAS	REDES LOCAIS	REDES LOCAIS	9.35 – 10.25	APLICACIONES OFIMÁTICAS	MONTAXE EQUIPOS
10.10 – 11.00	APLICACIONES OFIMÁTICAS	ITINERARIO EMPREGO	REDES LOCAIS	10.25 – 11.15	INGLÉS PROFESIONAL	MONTAXE EQUIPOS
11.00 – 11.50	APLICACIONES OFIMÁTICAS	MONTAXE EQUIPOS	INGLÉS PROFESIONAL	RECREO 11.15 – 12.00	Acompañamento. Axuda rutinas	
11.50 – 12.10 RECREO	Acompañamento. Axuda rutinas			12.00 – 12.50	MONTAXE EQUIPOS	REDES LOCAIS
12.10 – 13.00	ITINERARIO EMPREGO	MONTAXE EQUIPOS	SUSTENTABILIDADE APLICADA	12.50 – 13.40	MONTAXE EQUIPOS	REDES LOCAIS
13.00 - 13.50	MONTAXE EQUIPOS	APLICACIONES OFIMÁTICAS	SISTEMAS OPERATIVOS	13.40 – 14.30	ITINERARIO EMPREGO Acompañamento na saída. Axuda rutinas	REDES LOCAIS Acompañamento na saída. Axuda rutinas
13.50 – 14.40	MONTAXE EQUIPOS Acompañamento na saída. Axuda rutinas	APLICACIONES OFIMÁTICAS Acompañamento na saída. Axuda rutinas	SISTEMAS OPERATIVOS Acompañamento na saída. Axuda rutinas			
				16.00 – 16.50	SISTEMAS OPERATIVOS	
				16.50 – 17.40	SISTEMAS OPERATIVOS	
				17.40 – 18.30	SISTEMAS OPERATIVOS Acompañamento na saída. Axuda rutinas	



# Listaxe de alumnado con NEAE, atendidos por PT, A.T.E.

Alumno	DESCRIPCIÓN DAS NECESIDADES DERIVADAS DO DIAGNÓSTICO	MEDIDAS ORDINARIAS/ EXTRAORDINARIAS	PI (S/N)	Profesionais encargados da intervención, lugar e nº de sesións (individual/grupal)
Alumno/a BCA CM	<p>DIAGNOSTICADO CON PLURIDEFICIENCIAS. DISCAPACIDADE DUN 76%. Retraso global do desenvolvemento psicomotor. Dificultades da fala.</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar a súa competencia comunicativo lingüística.</li> <li>• Mellorar a súa expresión oral en canto a velocidade e fluidez.</li> <li>• Empregar estruturas sintácticas axeitadas.</li> <li>• Promover o uso social da linguaxe en todos os contextos.</li> <li>• Reforzar a utilización de xestos para mellorar a comprensión da mensaxe.</li> <li>• Reforzar o proceso de lecto-escritura.</li> <li>• Reforzar o proceso matemático.</li> <li>• Apoiar os aspectos curriculares das competencias básicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FLEXIBILIZACIÓN</li> <li>• REFORZO EDUCATIVO</li> <li>• ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS.</li> <li>• ADAPTACIÓN DO ACCESO AO CURRÍCULO (TABLET)</li> <li>• COIDADOR (ATE)</li> </ul>	S	PT Nº HORAS: 4 Apoio aula
Alumno/a SH 1º ESO	<p>INCORPORACIÓN TARDÍA.</p> <p>Ten dificultades nas áreas lingüísticas (falta de adquisición competencias), exento de Lingua Galega e Lit. No caso das matemáticas, podemos analizar as súas competencias matemáticas son moi baixas.</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cálculo básico</li> <li>• Resolución de problemas</li> <li>• Expresión e comprensión escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• APOIO PT REFORZO EDUCATIVO</li> <li>• ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</li> <li>• ACS</li> </ul>	S	PT Nº HORAS: 2
Alumno/a DFC 2º ESO	<p>DIAGNOSTICADO CON TRASTORNO DE LECTURA DE NATURALEZ DISLÉXICA. TRASTORNO POR DÉFICIT ATENCIONAL.</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento motor: motricidade grossa e dinámica xeral, equilibrio e control postural. lateralidade e motricidade fina: escritura, trazos...</li> <li>• Desenvolvemento comunicativo e lingüístico: lectoescritura e comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•APOIO PT REFORZO EDUCATIVO</li> <li>•ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</li> <li>ACS</li> </ul>	S	PT Nº HORAS: 2
Alumno/a LGR 2º ESO	<p>DIAGNOSTICADO CON TRASTORNO DE LECTURA DE NATURALEZ DISLÉXICA. TRASTORNO POR DÉFICIT ATENCIONAL.</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento motor: motricidade grossa e dinámica xeral, equilibrio e control postural. lateralidade e motricidade fina: escritura, trazos...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•APOIO PT. REFORZO EDUCATIVO</li> <li>•ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</li> <li>ACS</li> </ul>	S	PT Nº HORAS: 3

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento comunicativo e lingüístico: lectoescritura e comprensión.</li> </ul>			
<b>Alumno/a BMB 1º ESO</b>	<p>DIAGNOSTICADO CON TRASTORNO DE LECTURA DE NATURALEZ DISLÉXICA. TRASTORNO POR DÉFICIT ATENCIONAL.</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento motor: motricidade grossa e dinámica xeral, equilibrio e control postural. lateralidade e motricidade fina: escritura, trazos...</li> <li>Desenvolvemento comunicativo e lingüístico: lectoescritura e comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>APOIO PT REFORZO EDUCATIVO</li> <li>ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</li> <li>ACS</li> </ul>	S	PT Nº HORAS: 2
<b>Alumno XGR 1º ESO</b>	<p>DIAGNOSTICADO CON TRASTORNO LECTO-ESCRITOR. PROBLEMAS MEMORIA</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento motor: motricidade grossa e dinámica xeral, equilibrio e control postural. lateralidade e motricidade fina: escritura, trazos...</li> <li>Desenvolvemento comunicativo e lingüístico: lectoescritura e comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>APOIO PT REFORZO EDUCATIVO</li> <li>ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</li> <li>DISCAPACIDADE</li> </ul>	S	PT Nº HORAS:3
<b>Alumna NPC 2º ESO</b>	<p>DIFICULTADES RELEVANTES DA APRENDIZAXE</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Razoamento lóxico e abstracto</li> <li>Cálculo básico</li> <li>Resolución de problemas</li> <li>Numeración</li> <li>Comprensión</li> <li>Texto narrativo</li> <li>Ortografía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>APOIO PT REFORZO EDUCATIVO</li> <li>ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</li> <li>ACS</li> </ul>		PT Nº HORAS: 2
<b>Alumna LA 1º ESO</b>	<p>DISCAPACIDADE</p> <p>ACS</p> <p>DIFICULTADES RELEVANTES DA APRENDIZAXE</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Razoamento lóxico e abstracto</li> <li>Cálculo básico</li> <li>Resolución de problemas</li> <li>Numeración</li> <li>Comprensión</li> <li>Texto narrativo</li> <li>Ortografía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>APOIO PT REFORZO EDUCATIVO</li> <li>ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</li> <li>ACS</li> </ul>		PT Nº HORAS: 2
<b>Alumna LC 1º ESO</b>	<p>DIFICULTADES RELEVANTES DA APRENDIZAXE</p> <p>Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Razoamento lóxico e abstracto</li> <li>Cálculo básico</li> <li>Resolución de problemas</li> <li>Numeración</li> <li>Comprensión</li> <li>Texto narrativo</li> <li>Ortografía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>APOIO PT REFORZO EDUCATIVO</li> <li>ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</li> <li>ACS</li> </ul>		PT Nº HORAS: 3


<p><b>Alumno GC</b> 1º ESO</p>	<p><b>ACS</b> DIFICULTADES RELEVANTES DA APRENDIZAXE Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Razoamento lóxico e abstracto</li> <li>• Cálculo básico</li> <li>• Resolución de problemas</li> <li>• Numeración</li> <li>• Comprensión</li> <li>• Texto narrativo</li> <li>• Ortografía</li> </ul>	<p>•APOIO PT REFORZO EDUCATIVO •ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS <b>ACS</b></p>	<p>PT Nº HORAS: 2</p>
<p><b>Alumna KS</b> 2º ESO</p>	<p>INCORPORACIÓN TARDÍA. Ten dificultades nas áreas lingüísticas (falta de adquisición competencias), exento de Lingua Galega e Lit. No caso das matemáticas, podemos analizar as súas competencias matemáticas son moi baixas. Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cálculo básico</li> <li>• Resolución de problemas</li> <li>• Expresión e comprensión escrita</li> </ul>	<p>•APOIO PT/ REFORZO EDUCATIVO •ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS <b>ACS</b></p>	<p>PT Nº HORAS: 3</p>
<p><b>Alumno IBP</b> 1º ESO</p>	<p>TDH DIFICULTADES RELEVANTES DA APRENDIZAXE Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Razoamento lóxico e abstracto</li> <li>• Cálculo básico</li> <li>• Resolución de problemas</li> <li>• Numeración</li> <li>• Comprensión</li> <li>• Texto narrativo</li> <li>• Ortografía</li> </ul>	<p>•APOIO PT REFORZO EDUCATIVO •ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</p>	<p>PT Nº HORAS: 2</p>
<p><b>Alumna ILC</b> 1º ESO</p>	<p>DIAGNOSTICADO CON TRASTORNO DE LECTURA DE NATURALEZ DISLÉXICA. Os obxectivos específicos serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento motor: motricidade grossa e dinámica xeral, equilibrio e control postural. lateralidade e motricidade fina: escritura, trazos...</li> <li>• Desenvolvemento comunicativo e lingüístico: lectoescritura e comprensión.</li> </ul>	<p>•APOIO PT REFORZO EDUCATIVO •ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</p>	<p>PT Nº HORAS: 2</p>
<p><b>Alumna MX</b> 4º ESO</p>	<p>INCORPORACIÓN TARDÍA DESCOÑECEMENTO DE LINGUAS ALFABETIZACIÓN</p>	<p>•APOIO PT . REFORZO EDUCATIVO •ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS</p>	<p>PT Nº HORAS: 4</p>

Datos	Tarefas	Responsables	Recursos
Maio/xuño	Visita a centros adscritos Reunión trimestral	XD orientación Titores de 6º EP	Informes do alumnado

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
1 <sup>a</sup> /2 <sup>a</sup> semana de setembro	Contacto cos alumnos con NEAE: xornadas de acollida para os novos e para as súas familias	XD Orientación	Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado
2 <sup>a</sup> semana de setembro	Valoración das necesidades iniciais	Xefatura de estudos	Informes obtidos nas reunións
2 <sup>a</sup> semana de setembro	Elaboración de horarios do departamento	Xefatura de estudos XD orientación	Recursos do departamento
3 <sup>a</sup> e 4 <sup>a</sup> semana de setembro	Preparacións das avaliacións iniciais da ESO Becas alumnado NEE	Xefatura de estudos (planifica e coordina)	Recursos do departamento
1 <sup>a</sup> semana de outubro	Realización da concreción anual do PAD	XD Orientación	Datos dos alumnos
1 <sup>a</sup> semana de outubro	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación Titores	Datos dos alumnos
2 <sup>a</sup> semana de outubro	Avaliacións iniciais na ESO e en FP	Xefatura de estudos Titores (dirixen as reunións) XD orientación (asesora e apoia)	Recursos do departamento
Mes de outubro	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Titores (dirixen as reunións)	Datos do alumnado
4 <sup>a</sup> semana de outubro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación	XD Orientación	Recursos do departamento
Mes de novembro	Elaboración das ACS	XD Orientación e profesores afectados	Recursos do departamento
Decembro	Participación nas sesións da 1 <sup>a</sup> avaliación Plan de seguemento ACS	XD Orientación e profesorado especialista: PT	Informes obtidos na avaliación inicial
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1 <sup>a</sup> avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1 <sup>a</sup> inicial
Marzo	Participación nas sesións da 2 <sup>a</sup> avaliación e avaliación previa á FCT de 2 <sup>o</sup> ciclos Plan de seguemento ACS	XD Orientación e profesorado especialista: PT	Informes obtidos ao longo do trimestre
Abril	Asesoría vocacional do alumnado de 4 <sup>o</sup> ESO e 2 <sup>o</sup> Bacharelato	XD Orientación e titores	Recursos do departamento
Maio	Participación nas sesións da avaliación final de 2 <sup>o</sup> Bacharelato	XD Orientación	Informes obtidos nas avaliacións previas
4 <sup>a</sup> semana de maio	Entrega aos titores de materiais necesarios para cumprimentar o Consello orientador	XD Orientación	Recursos do departamento
Xuño	Participación nas sesións da	XD Orientación e profesorado	Informes obtidos ao longo do

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	avaliación final Plan de seguemento ACS	especialista: PT	curso
Xuño	Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
1ª semana de xullo	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso
Xullo	Elaboración de listaxe de alumnos propostos para medidas de atención de atención á diversidade para o vindeiro curso	XD Orientación e profesorado especialista: PT	Informes obtidos ao longo do curso
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado	Calquera membro do departamento segundo demandas	Recursos do departamento
Todo o curso	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación e PT	Recursos do departamento
Todo o curso	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro Seguimento alumnado de Reforzo Educativo Seguimento alumnado de aula de PT	XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do departamento

Lalín, 26 de setembro do 2024



Luís Fernando Pérez Méndez  
 Xefe Departamento de Orientación